

A depuración do maxisterio primario na provincia de Pontevedra (1936-1942)

School Teachers' purge in the province of Pontevedra (1936-1942)

Anxo Serafín PORTO UCHA
Universidade de Santiago de Compostela

Raquel VÁZQUEZ RAMIL
Universidade de Valladolid

Guerra civil, hermanos contra hermanos, el mayor azote que Dios puede enviar a un pueblo... En los bancos de la escuela han de sentarse juntos los hijos de los caídos en los dos frentes, los hijos de los que luchan en los dos frentes, los hijos de los fusilados en los dos bandos. Para cada muchacho, su padre es un héroe. Su causa, la buena causa. Su dolor, justo...

Dolores Medio, *Diario de una maestra*.

RESUMO: Neste artigo ocupámonos da depuración do Maxisterio na provincia de Pontevedra. Partimos do publicado por nós ata agora desde comezos do ano 2000, ben a xeito de libros, relatorios e comunicacións en congresos, artigos en revistas, ben coa presenza en distintos foros locais e actos institucionais, cursos de verán, prensa etc., con novas matizacións e avances, produto da atención constante ao tema.

Desde o punto de vista temporal, o proceso de depuración esténdese basicamente entre 1936 e 1942, aínda que xa antes do final da contenda civil se comezou coa revisión das sancións impostas que, nalgúns casos significados, chegaron ata o principio dos anos 70.

En canto ás fontes consultadas, ofrecemos novas achegas a través das fontes ás que tivemos acceso, entre elas as orais, importantísimas para o estudo desta temática relacionada coa recuperación da memoria histórica.

PALABRAS-CHAVE: Maxisterio, reforma e innovación republicana, guerra civil, depuración franquista en Pontevedra, exilio interior e resistencia.

ABSTRACT: In this paper, we deal with the teachers' purge in the province of Pontevedra. We start from our previous publications since the beginning of 2000, by way of books, papers and communications to congresses, articles in journals, presence in different local forums and institutional events, summer courses, press, etc., with new refinements and progresses, product of the constant attention to the issue.

From the temporal point of view, the process of purge extends basically between 1936 and 1942, although the review of the sanctions imposed began before the end of the civil war, and in some noted cases it was extended until the 70s.

In terms of the sources consulted, we offer new contributions through the sources to which we had access, including the oral ones, very important for the study of this topic related to the recovery of historical memory.

KEY-WORDS: Primary teachers, Republican reform and innovation, Spanish civil war, francoist teachers' purge in Pontevedra, inner exile and resistance.

Introdución

Para comprendermos a complexidade, amplitude e dureza do proceso de represión exercido polo franquismo con motivo do fatídico alzamento de xullo de 1936, hai que achegarse necesariamente aos proxectos de reforma e innovación pedagóxica postos en marcha pola Segunda República e, por suposto, ao rexeitamento que tales proxectos xeraron nos sectores máis reaccionarios da dereita española, incluso xa antes da guerra civil.

A República fixo un indubidábel esforzo por sementar o país de escolas, contratar mestres e mestras e dignificar as súas condicións de traballo reducindo as desigualdades salariais. A educación, función do Estado, definíase como laica, activa, social, coeducativa, obrigatoria e gratuita ata os 12 anos e ocupábase tamén das persoas adultas.

Como se sinala en *La escuela de la Segunda República* (2008), nunca o Estado tomara partido de tal maneira a favor da sociedade e da familia, pois a monarquía entregara practicamente a ensinanza á Igrexa a través do concordato vixente desde 1851. A escola pública, precaria, non cubría as necesidades máis elementais de alfabetización.

As mestras e os mestres republicanos loitaron contra o atraso endémico dos lugares onde desempeñaban o seu labor. Ensinaban socrática, pacífica e civicamente. Eran protagonistas dunha revolución cultural, ética e pedagóxica. Ensinaban tamén a cultivar o agro, a repoboar os montes, a curar animais. Aconsellaban aos veciños, reconciliaban ás persoas, mediaban nos conflitos. Eran un referente social e político.

O golpe de Estado de 1936 tivo entre os seus propósitos borrar a memoria republicana do imaxinario colectivo e, sobre todo, das xeracións que naceron tras a guerra. Despois dunha etapa de depuración viría outra non menos importante de exilio (exterior e interior) e tamén de resistencia. Estamos nunha época que, polo menos ata comezos de 1960, leva sendo cualificada como “la larga noche de la escuela franquista” (Navarro Sandalinas, 1990: 142). Houbo un retroceso total. A represión non foi, pois, estritamente punitiva, senón tamén preventiva. Nese sentido, poderíase dicir que non foron as represalias o peor, senón a montaxe dun plan implacábel por parte do réxime para desandar todo o acadado ata entón e impoñer un proceso de unificación sen contemplacións. Como afirma Javier Rodríguez, “la enseñanza se convertiría en el más significativo instrumento de homogenización social. Las generaciones futuras debían transformarse necesariamente en masas leales al Movimiento” (2010: 125). Á parte dos incipientes

signos de apertura arredor da Lei xeral de educación (LXE) de 1970, non sería até bastante despois, en 1985 coa Lei orgánica de dereito á educación (LODE), cando se retomarían algunhas daquelas importantes iniciativas.

O presente traballo xira arredor dun eixe de cuestións básicas que gardan relación: a reforma e renovación educativa republicana, os mecanismos de represión para a eliminación da memoria republicana, o exilio exterior, o exilio interior e a resistencia. Ademais da documentación de arquivo e o soporte bibliográfico, neste tipo de traballos adquiren sempre un valor importante as fontes orais (Porto Ucha, 2006: 217-261).

Partimos da hipótese de que a represión foi especialmente dirixida contra os proxectos de reforma educativa da Segunda República, na que estaba comprometida unha boa parte do profesorado. Como consecuencia, a moitos mestres e mestras non lles quedou máis remedio que o refuxio no seu particular “exilio interior”, do que, en boa maneira se beneficiou o propio Franquismo.

O número de escolas naquela altura dános pistas sobre o tanto por cento do profesorado depurado; o noso primeiro obxectivo é recadar información cuantitativa sobre todo o proceso sancionador. A depuración desenvolveuse a dous niveis: en primeiro lugar, a suspensión provisional inicial de emprego e soldo, a comezos de setembro de 1936, a cargo do gobernador civil que recibía ordes da Superioridade, na que se viron implicados 438 mestres e mestras da provincia de Pontevedra (343 mestres e 95 mestras); e, en segundo lugar, a depuración propiamente dita de todo o maxisterio da provincia, coa presenza da Comisión Provincial de Depuración creada para tal efecto, a proposta de distintas sancións, e a última palabra das autoridades do réxime. Abarca arredor de 1800 mestres e mestras da provincia. Ao mesmo tempo, iniciábanse xa as revisións das sancións, que non tratamos sistematicamente neste traballo.

Para comprender e explicar a situación, convén analizar cualitativamente as relacións entre a política escolar, as reformas e innovacións republicanas e o tema da depuración, coa participación efectiva do profesorado. Ademais dos depurados nas distintas fases, hai que ter en conta os que abandonaron o país. É importante examinar as conexións entre a suspensión provisoria de 1936 e a totalidade dos que foron separados do servizo e dados de baixa na escala (“escalafón”) ao final; ter en conta igualmente as outras sancións, entre elas os traslados fóra da rexión, aos que prestaremos unha especial atención neste estudo, investigando as súas causas, que hipoteticamente poderían estar relacionadas co galeguismo, por tratarse dunha rexión histórica con lingua propia, aínda que Morente Valero (1997: 283) apunta que este tipo de acusacións foi “escasa en Pontevedra”. Peor sorte tiveron aqueles que se quedaron no camiño (fusilados, “paseados” e demais), que constitúen outra modalidade deste proceso, que se desenvolveu en varias direccións. Todas e todos eles constitúen o corpo da represión, xunto coas familias (pais, donas, fillos e fillas...) que tiveron que pagar as consecuencias e sufrir en silencio aquela situación. De aí, a necesidade da análise do que denominamos “refuxio no interior” (características e modalidades) deste proceso, do que en gran medida saíu favorecido o propio réxime franquista.

A suspensión provisional de emprego e soldo en setembro de 1936

Todo se veu abaixo nun abrir e pechar de ollos. Fracasada a sublevación militar do 17 de xullo, comezou a loucura da guerra. O 24 de xullo constituíuse unha xunta militar, a Xunta de Defensa Nacional presidida en Burgos polo xeneral Miguel Cabanellas, que sería substituída despois pola denominada Xunta Técnica do Estado, cando o 29 de setembro de 1936 se nomea a Franco xefe do Estado, cuxa designación se fixo efectiva o 1 de outubro.

A depuración comezou un tanto desordenadamente, coa finalidade de separar a quen se significara durante a etapa republicana. A proposta da Reitoría da Universidade de Zaragoza, a Xunta de Defensa Nacional, por Orde do 19 de agosto de 1936, ditaba toda unha serie de normas para o comezo do curso escolar nas escolas de instrución primaria. A devandita orde establecía que os alcaldes debían informar aos reitores sobre a conduta político-social e sobre a educación moral dos mestres e mestras da súa localidade. Unha vez feito, os reitores poderían destituír a quen desenvolvese un labor perturbador das "conciencias infantiles". Frecuentemente, as suspensións foron ordenadas polos gobernadores civís.

Na provincia de Pontevedra, houbo tres resolucións: a primeira asinada o 30 de agosto (compredía 398 mestres e mestras), a segunda o 31 de agosto (incluía 22 máis) e a terceira o 9 de setembro (12 máis). As dúas primeiras aparecen publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) do 1 de setembro; a terceira, o 11 de setembro. En total, foron 438 profesionais do ensino primario (343 mestres e 95 mestras). Dos 64 concellos da provincia, soamente en tres (Mondariz-Balneario, Pontesampaio e Portas) non houbo destitucións (Porto Ucha, 2008: 249-260).

Entre as razóns e os motivos da suspensión, o gobernador civil, Ricardo Macarrón Piudo¹, sinalaba:

Al producirse el actual movimiento del Ejército, secundado felizmente por la Nación, ha podido observarse que las actividades políticas y sociales de buen número de Maestros, su falta de respeto a la moral cristiana y el comportamiento profesional de los mismos en las Escuelas, han sido factores que contribuyeron con punible eficacia a fomentar el estado caótico y anárquico del país (...)

E engade:

(...) Hay Maestros que, ciertamente, no pueden, por su desgracia, ser llamados a compartir con los buenos españoles la nobilísima tarea que se impone como necesidad apremiantísima en este momento histórico (...). Otros han de apartarse temporalmente de sus cargos, por motivos que así lo aconsejan también, toda vez que los informes recibidos los presentan como no aptos, de momento, para servirlos, aunque podrán volver a ellos, una vez que, mediante amplias informaciones que ahora no pueden prac-

¹ Ricardo Macarrón Piudo, arquitecto militar nado en Vitoria, era en 1936 tenente coronel da garda civil e xefe da Comandancia de Pontevedra. Foi nomeado delegado de Orde Pública e gobernador civil de Pontevedra o 18 de xullo de 1936. Cesou no cargo a finais de marzo de 1937 para ser destinado a unha comandancia do norte. Foi dado de baixa por desafecto ao Movemento Nacional en setembro de 1937, cando pasou ao Servizo de Recuperación do Patrimonio Artístico Nacional.

ticarse, demuestren su capacitación y celo profesional, juntamente con las condiciones indispensables para consagrarse a la enseñanza con las nuevas orientaciones a que esta ha de responder².

De cada catro escolas, unha quedaba sen mestre/mestra, e sería cuberta por mestres e mestras a miúdo afíns ao franquismo (ás veces incluso sen título), co aval dos alcaldes dos respectivos concellos. Esta precipitación inicial intentouse corrixir pouco despois. Informados pola Inspección, no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela (AHUS) hai bastantes escritos en que se solicita o reingreso desde finais de 1936. Houbo orde de interromper este proceso, para canalizar toda a depuración a través das correspondentes comisións provinciais de depuración, que informaban á “Superioridade”.

Estaban xa feitas estas listaxes antes do comezo da guerra? Non o sabemos. Si entendemos que había información suficiente para controlar o profesorado. Constatámo-lo, por exemplo, ao examinar o contido da revista *Escuela Vivida*, da “Casa del Maestro” de Pontevedra, na que todos os mestres e mestras citados aparecen subliñados nas cores azul e vermella. Outras fontes, como as relativas á intensa actividade sindical, coa celebración do Congreso de Traballadores da Ensinanza en Vigo, en maio de 1936, ou a participación nas Misións Pedagóxicas, Semanas e Quincenas Pedagóxicas e Centros de Colaboración Pedagóxica, achegaban tamén moita información.

O feito desta precipitación inicial tivo como consecuencia que algúns foran posteriormente depurados sen ningún tipo de sanción, aínda que para os constatados en Pontevedra, case a maioría, recibiron algún tipo de penalización e arredor deles está o groso dos depurados e depuradas coas sancións máis fortes (Táboa I).

Táboa I

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Relación entre a suspensión de 438 mestres e mestras en 1936 e a resolución posterior, sobre unha base provisional de 1802 depurados (1937-1942)

Tipo de resolución	Do total de 1802	Dos 438 de 1936	% do total
Separación do servizo e baixa na escala	100	100	100
Confirmación/reposición no cargo sen dereito ao cobramento dos haberes non percibidos durante o tempo da suspensión provisional (total ou parcial)	83	68	81.92
Confirmación/reposición no cargo ou nos seus dereitos (incluídos os 1167 con todos os pronunciamentos favorábeis)	1295	51	3.94
Traslado fóra da rexión	33	24	72.73
Traslado fóra da provincia	12	8	66.67
Traslado dentro da provincia	183	133	72.68

FONTE: Elaboración provisional propia, a partir dos datos do BOPP.

² Véxase a sección “Gobierno de Provincia” no *Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra (BOPP)*, 1-9-1936.

Pola ficha dun dos expedientes do AGA, deducimos que nesta depuración inicial o gobernador civil de Pontevedra, ademais doutras fontes de información, recibiu informes da Inspección. O informe de que dispomos, procedente do AGA, atinxe ao mestre de Goián (Tomiño), José Cortés Fernández, que sería fusilado en Pontevedra, e está impreso con data “agosto de 1936”. Sinala:

Don: José Cortés Fernández.
Escuela Nacional de: Goyán
Moral Cristiana: Mala. Combate el dogma.
Ideología política: De extrema izquierda.
Conducta profesional: Regular
Firma: [o inspector]
Observaciones: Se halla suspenso de empleo y sueldo por orden del Sr. Comandante militar de Tuy por haber tomado parte en contra del movimiento nacional. Figura en Trabajadores de la Enseñanza.

O proceso sistemático de depuración

Diante da envergadura do proceso, comezouse cunha segunda fase, que abarcaría xa todo o período bélico e se prolongou ata comezos dos anos 40 no caso de Pontevedra. Elevado Franco á Xefatura do Estado, foi fundamental o Decreto do 8 de novembro de 1936, asinado por Franco en Salamanca, e a Orde do 10 de novembro (que o desenvolvía), polo que establecían catro tipos de comisións de depuración:

- a) para o persoal universitario,
- b) para escolas de enxeñaría e arquitectura
- c) para ensinanzas medias, inspectores, profesorado de escolas Normais e persoal das seccións administrativas, e
- d) para o maxisterio primario.

As comisións de *a)* e *b)* eran comisións únicas; a *c)* e *d)* unha por provincia. Mediante unha disposición do 10 de novembro de 1936 determináronse as normas de funcionamento, as sancións que se aplicarían e os prazos dos traballos (en principio, tres meses). Reiniciábase, así, todo o proceso. Outra disposición do 17 de febreiro de 1937 ampliaba a anterior, respecto ás sancións impositivas. O obxectivo final era que ningún puidese exercer a docencia (pública ou persoal), sen ser sometido a expediente de depuración.

A designación para un cargo nas comisións era irrenunciábel. Primouse, non obstante, en moitos casos, máis que o coñecemento na ensinanza, a afinidade ideolóxica. Unha circular do 28/1/1937 era clarificadora, respecto ao poder das comisións: “Las Comisiones y cada uno de sus vocales podrán proponer sanción siempre que en conciencia crean acreedor a ella al encartado, aun en el caso en que por circunstancias especiales no haya en el expediente prueba bastante por escrito”. Os profesionais do ensino quedaban, así, baixo o total arbitrio do persoal destas comisións.

Outra circular da Comisión de Cultura e Ensinanza, incluída no BOE do 3/7/1937, ordenaba que as comisións depuratoras deran preferencia na tramitación dos expedientes sucesivos ao persoal que se encontrase suspenso de emprego e soldo dende 1936, aínda que en moitos dos casos máis graves nas sancións impostas –como veremos a continuación– non foi así.

O traballo das comisións comezaba coa apertura do expediente. Iniciábase cunha disposición legal que separaba do servizo á totalidade do maxisterio. Dábaselles quince días de prazo aos interesados para solicitaren o reingreso. Incoábase, a continuación, o expediente, cun formulario de interrogatorio. Interrogábase tanto sobre “lo que hizo” como “lo que no hizo” (pasividade). Foi este un mecanismo que enfrontou a uns contra outros (compañeiros entre si). A seguir, as comisións solicitaban os informes preceptivos (á parte das denuncias, confidentes e análise de material escolar, normalmente informes do alcalde, da garda civil, do cura e de persoas de absoluta solvencia ideolóxica). Se non había indicios de sospeita, propúñase a confirmación no posto; do contrario, facíase o prego de cargos. Había, daquela, que procurar o aval de persoas solventes. Non valía negar só as acusacións, senón que había que argumentar con solidez, achegar probas. E aquí, excepto casos concretos de valentía e dignidade, é onde se observan abundantes elementos de submisión e humillación. As propostas de resolución eran enviadas á Superioridade. Non a derradeira, porque xa se iniciara o proceso de revisión, para o cal se creou o Xulgado Superior de Revisións, que funcionou ata 1961, aínda que continuarían realizándose revisións ata comezos dos anos 70³.

Aproximadamente, unha cuarta parte das persoas sometidas a proceso de depuración recibiu algún tipo de sanción. No seu conxunto, obsérvanse moitas contradicións e moita hipocrísia, xa dende as mesmas comisións provinciais: “esquecemento” de que o implicado estea no cárcere (ou escondido) para poder contestar aos cargos nos prazos establecidos... As mesmas resolucións definitivas aparecen, ás veces, cando xa a persoa está morta, incluso nalgún caso, o mesmo día do ano seguinte.

Entre os cargos que se formulaban contra os mestres e mestras, figuraban:

- Militancia en organizacións afectas á República
- Nacionalismo/separatismo
- Actitudes contrarias á *Causa Nacional*
- Ideoloxía/simpatías de esquerdas
- Irrelixiosidade/ateísmo
- Pertenza á Masonaría
- Conduta privada inmoral

³ Foi o caso, por exemplo, de Herminio Barreiro Calvete, mestre de Vilanova de Arousa en 1936, e que non volveu reintegrarse no Maxisterio ata 1973: «Penso que fun repostado grazas a unha xestión que fixera cunha amiga de Concha [a súa dona], que era moi amiga de Pío Cabanillas» (Porto Ucha, 2003: 218).

- Desidia/Incompetencia profesional
- Principios pedagóxicos inaceptábeis
- Indisciplina (só para alumnos/as normalistas)

En Pontevedra consta na Comisión *d)* como presidente Secundino Vilanova Rivas⁴, catedrático de instituto (Fortes Bouzán, 1997: 277-282), substituído por Enrique Vidal Abascal⁵ en 1940. (Morente Valero, 1997: 228 e 250). O resto da comisión estaba formado por Juan Novás⁶ (inspector), os mestres Luís Pintos Fonseca⁷ (mestre de Tomeza, despois tamén cura) e Jorge Vázquez Fernández⁸, cura, mestre de Lérez e auxiliar de Debuxo na Escola Normal do Maxisterio Primario, e o industrial Ricardo Melero Pereira, en calidade de representante dos pais de familia. En relación co maxisterio, ademais dos datos do AHUS, debemos significar os traballos de Xosé Álvarez Castro na recuperación da memoria histórica, a través do blog *Pontevedra nos anos do medo*⁹ e da súa obra impresa (2013). Alí figura información sobre esta Comisión *d)* e os seus compoñentes. Eles serían os que levarían o peso do funcionamento da máquina da depuración a nivel provincial: formulación de cargos, dez días para o prego de descargo, formulación de propostas á Superioridade (confirmación no cargo, traslado de destino ou separación definitiva). Unha circular do 7 de decembro engadía as de suspensión de emprego o soldo (de un mes a dous anos) xubilación forzosa e/ou inhabilitación para cargos. Remitidas as propostas, a Comisión

⁴ Secundino Vilanova Rivas foi director do Colexio Católico de Primeira e Segunda Ensinanza de Pontevedra a principios do século XX, antes de obter a cátedra de Matemáticas do Instituto de Segunda Ensinanza da capital pontevedresa. Presidiu o Círculo Católico de Pontevedra e en 1924 foi nomeado vogal do Consello da Unión Patriótica da cidade do Lérez. Presidiu a Comisión Depuradora do Maxisterio pontevedrés dende finais de 1936 ata 1940.

⁵ Enrique Vidal Abascal naceu en Oviedo en 1902, no seo dunha familia con raíces en Lalín. Estudou Ciencias Exactas en Santiago e Madrid e foi profesor de Matemáticas dos institutos de Santa Cruz da Palma, Monforte, A Estrada, Vigo, Pontevedra e Arcebispo Xelmírez de Santiago. Posteriormente, tras realizar a tese de doutoramento con Ramón M.^a Aller, obtivo a cátedra de Xeometría Diferencial na Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago de Compostela, cidade onde morreu en 1994.

⁶ Juan Novás Guillán naceu no Grove en 1880. Inspector de ensino primario e cronista da cidade de Pontevedra, cidade onde morreu en 1967.

⁷ Luís Pintos Fonseca naceu en Pontevedra en 1906. Formouse como pintor e ilustrador con Carlos Sobrino Buhigas e Eduardo Rojas. Mestre de Tui e Tomeza, foi membro da Casa do Mestre de Pontevedra. En outubro de 1936 foi nomeado delegado de Ensinanza da Xunta Carlista de Guerra de Pontevedra. Tras pasar un tempo no mosteiro de Poio, ordenouse sacerdote en 1947. Morreu en Pontevedra en 1959.

⁸ Jorge Vázquez Fernández pasouse como sacerdote en 1925 e exerceu como coadxutor da parroquia de San Bartolomé e como vigairo do convento de Santa Clara de Pontevedra. Xunto con Lino García foi consiliario da Xuventude Católica Feminina de Pontevedra en 1927. Tras realizar os cursiños do Maxisterio en 1933 foi nomeado mestre de Pescoso (Rodeiro) e, posteriormente, pasou a Lérez. En 1938 forma parte do grupo que, presidido polo daquela inspector-xefe de Ensinanza Primaria de Pontevedra José Muntada Bach, viaxa a Italia comisionado polo Ministerio de Educación Nacional co fin de coñecer o sistema educativo alentado por Mussolini (*El Pueblo Gallego*, 01/01, 1938, p. 6). En febreiro de 1939 é nomeado inspector provisional de Primeira Ensinanza da provincia da Coruña, para en decembro do mesmo ano trasladarse á de Pontevedra, onde exercerá como inspector ata os anos 70.

⁹ <https://anosdomedo.blogspot.com.es/>

de Cultura e Ensinanza podía ratificar ou modificar as propostas de resolución. Morente Valero sinala (1997: 366) que a de Pontevedra foi das comisións máis duras.

Táboa 2
Mestres e mestras depurados na provincia de Pontevedra
TOTAL DE DEPURADOS (1937-1942)

1937	1938	1939	1940	1941	1942	TOTAL
130	1082	262	279	27	22	1802

Fonte: BOE (1937). BOPP (1938-42). Elaboración propia.

Pola nosa banda, nunha investigación realizada sobre a depuración na provincia, fixemos o estudo de mil oitocentos dous mestres e mestras (Táboa 2)¹⁰. Cen figuran entre 1937 e 1942, con resolución de “separación en el servicio y baja en el escalafón”. Constatamos que algúns deles xa morreran con anterioridade (por consello de guerra, “paseados” etc.) Déuselle preferencia ao persoal suspenso de emprego e soldo dende 1936, se ben isto non sempre se cumpriu. Como veremos, é importante lembrar que a tipificación das distintas resolucións (coas correspondentes sancións) foi modificándose ao longo daqueles anos, cousa que afectou aos mestres e mestras que pasaron pola depuración en cada momento. Así, outra orde do 25 de febreiro de 1937 establecía, ademais, a suspensión entre un mes e dous anos. Unha circular do 29 de abril de 1937 afectaba aos alumnos *normalistas*¹¹ (poder ou non continuar estudos ou expediente disciplinario –este foi o caso de Xaime Isla Couto, da terceira promoción mixta do grao profesional en Pontevedra, ao que se lle forma expediente de disciplina en xuño de 1940¹²). En agosto de 1937 determinábase a distancia de 30 km para os traslados dentro da provincia.

Á parte, estaban os sancionados con outras resolucións importantes. A saber: fóra da rexión, fóra/dentro da provincia, suspensión temporal de emprego e soldo etc. (Táboa 3).

Pensábase nun primeiro momento que as comisións poderían rematar en tres meses. Non foi así. Os volumes acumulábanse. En 1938 houbo que pasar de sacar as resolucións no BOE aos boletíns oficiais das correspondentes provincias. Convén telo en conta se queremos consultar a lexislación.

¹⁰ Consulta do BOE (1937) e BOPP (1938-1942). A partir de 1942 non localizamos máis sancións.

¹¹ BOE 02/05/1937.

¹² Depuración del Magisterio, *El Noticiero Gallego*, 04/06/1940, p. 2.

Táboa 3
Mestres e mestras depurados na provincia de Pontevedra
RESOLUCIÓNS DEFINITIVAS (1937-1942)
N.º de casos e %

Resolucións	Mestres	Mestras	TOTAL	%
Separación do servizo e baixa na escala	91	9	100	5.55
Traslado fóra da rexión	27	6	33	1.83
Traslado fóra da provincia	9	3	12	0.66
Traslado dentro da provincia	142	41	183	10.15
Inhabilitación para cargos directivos e de confianza	137	42	179	9.93
Con todos os pronunciamentos favorábeis	453	714	1167	64.76
Confirmación nos seus cargos [e nos seus destinos, no seu caso]	58	51	109	6.05
Repostos/as nos seus cargos e aboamento do que deixaron de percibir	11	8	19	1.05
Repostos/as ib. con perda [todo ou parte] dos haberes que deixaron ib.	41	8	49	2.72
Confirmados/as nos seus cargos con perda [todo ou parte] dos haberes ib.	18	16	34	0.02
Suspensión temporal de emprego e soldo [de 1 a 24 meses]	133	43	176	9.77
Inhabilitación ["perpetua" ou temporal] para desempeñar escolas	8	1	9	0.50
Habilitación para desempeñar escolas	29	17	46	2.55
Habilitación para continuar estudos (Plano profesional)	5	6	11	0.61
Expediente de xubilación	1	2	3	0.17
Confirmados no cargo por falecemento	1	0	1	0.05
Expediente de disciplina	1	0	1	0.05

Fonte: BOE (1937). BOPP (1938-42). Elaboración propia.

O 30 de xaneiro de 1938 constitúese o primeiro goberno de Franco. Créase o Ministerio de Educación Nacional (MEN), con Pedro Sáinz Rodríguez á fronte da súa carteira canda aos novos nomeamentos. Entre eles, Tiburcio Romualdo de Toledo na Xefatura Nacional de Primeira Ensinanza, un personaxe central nesta temática, xunto a Enrique Súñer Ordóñez, autor de *Los intelectuales y la tragedia española* (1937) e José M.^a Pemán, ambos á fronte da Comisión de Cultura e Ensinanza da Xunta Técnica do Estado dende o 1 de outubro de 1936. No "Curso de orientaciones nacionales de Enseñanza Primaria" de 1938, Romualdo

de Toledo, no desexo de facer da escola un verdadeiro templo, refírese ás prácticas relixiosas escolares como "Pedagogía caliente, cargada de patriotismo y Fe". Tamén o bispo de Madrid-Alcalá, o vigués Leopoldo Eijo Garay, chamaba aos mestres "apóstoles de la luz y el bien" e afirmaba que a súa profesión era a máis parecida ao sacerdocio. Xosé Manuel Beiras destaca a resposta do bispo cando fieis cristiáns galeguistas lle foron interceder por Alexandre Bóveda: "El mal está muy hondo y hay que meter el bisturí a fondo" (Beiras, 2008: 9).

Non se salvou ninguén da depuración. O citado Romualdo de Toledo faría fincapé en que "en un régimen jerárquico como el nuestro, todo el mundo tiene que ser depurado". Unha orde do 8/2/38 establecía a depuración como requisito previo para poder ingresar no Sindicato Español do Maxisterio (SEM), na Asociación Católica de Mestres e demais agrupacións profesionais. O obxectivo era que todos os profesionais tivesen recoñecida solvencia moral, patriótica e relixiosa. Neste contexto hai que situar a creación da Oficina Técnico Administrativa. Matízanse as sancións.

En 1938 succédense as depuracións. En Pontevedra recolleemos un total de 1082. O groso aparece nos derradeiros días dese ano: 102 (12 de novembro), 656 (17 de novembro) e 221 (4 de xaneiro de 1939), con todos os pronunciamentos favorábeis.

Canto aos traslados fóra da rexión, en Pontevedra recolleemos nun principio 16: Fermín Blanco Alfaya, Segundo Eiras Abad e Jesús Garrido Álvarez (todos a Palencia, o día 11 de xullo de 1937); José M.^a Álvarez Blázquez (a Zamora), Emilio Álvarez Gallego (a Cáceres), Marina Lago Búa (a Zamora), Corona Rodríguez Rodríguez (a Ávila), José Ron Cabarcos (a Salamanca) e Victoriano Taibo García (a Valladolid), o 5 de xaneiro de 1938. Luciano del Río Besada, Gonzalo García Guance, Joaquín Martínez Pereira, Vicente Otero Ulloa, Isolina Nogueira Barrenechea, Juan Paz Sueiro e Antonio Pintos Míguez, en 1940. Deste mesmo ano recolleemos 17 máis, que suman un total de 33¹³ (27 mestres e 6 mestrás): María Aguiar Piñeiro (a Soria), Peregrina Besada Álvarez (a Soria), Angelina González Rodríguez (ás Palmas), Benito Carballo Carballo (a Soria), Luís Carragal Peón (a Soria), Santiago Casado Redondo (a Soria), Cesáreo Feijoo Soto (a Soria), Joaquín Ferrándiz Fernández (a Burgos), José Ramón Gamallo Silva (a Valencia), Higinio García Blázquez (a Valencia), Dámaso Giráldez Piña (a Valencia), Rafael González Adrio (a Soria), Darío Moreiras Cabanelas (a Valencia), Eugenio Rodríguez Rodríguez (a Valencia), Antonio Soto Martínez (a Burgos), Víctor Touriño López (a Burgos), Antonio Vidal Provenza (a Burgos) (Táboa 4). Estes traslados ían acompañados normalmente con outro tipo de sancións (Porto Ucha, 2008: 249-260).

No caso dos trasladados a Soria, en 1940 constan como nomeados para diferentes destinos da provincia "por traslado con sanción"¹⁴. Luís Carragal Peón é destinado a Noviercas, Cesáreo Feijoo Soto a Berlanga de Duero, Rafael González Adrio a Vildé, Benito Carballo Carballo

¹³ *El Noticiero Gallego*, 11/07/1940, p. 2. Sorprendeunos este achado, xa que nos estudos anteriores estes 17 estaban incluídos nos traslados fóra da provincia, normalmente por dous ou cinco anos, T (2), (5). Así figuraban nos respectivos boletíns provinciais e tamén algún no estudo de Morente Valero. Pero nunhas entrevistas con familiares xa nos indicaran que foran trasladados fóra da rexión (TR). O máis probable é que se producirá un erro ao anunciar a resolución, con algunha corrección posterior.

¹⁴ Nombreamentos, *El Noticiero Gallego*, 25/08/1940, p. 3.

a Miño de San Esteban, Santiago Casado Redondo a Hoz de Arriba, Isolina Nogueira Barrenechea a Arcos de Jalón, María Aguiar Piñeiro a Montuenga e Peregrina Besada Álvarez a Rello.

Para a provincia de Burgos confírmanse en 1940 os seguintes traslados por sanción¹⁵: Joaquín Ferrandiz Fernández a Quintanabureba, Antonio Pintos Mínguez a Moncalvillo de la Sierra, Víctor Touriño López a Pardilla, Luciano del Río Besada a Villa Gómez, Vicente Otero Ulloa a Quisiedo, Antonio Vidal Proenza a Anastro, Antonio Soto Martínez a Fuente-nebro n.º 2, Joaquín Martínez Pereira a Hontoria de la Canterana, e Gonzalo García Guance a Pedrosa de Valdeporres.

Táboa 4
Mestres e mestras depurados na provincia de Pontevedra
SANCIONADOS CON TRASLADO FÓRA DA REXIÓN

Apelidos e nome	Localidade	Traslado a	Boletín
Aguiar Piñeiro, María	Bañña-Baiona	Soria	02-06-1940
Álvarez Blázquez, José M. ^a	As Olivas-Tui	Zamora	05-01-1938
Álvarez Gallego, Emilio	A Seca-Pontevedra	Cáceres	05-01-1938
Besada Álvarez, Peregrina	Cadrón-Lalín	Soria	02-06-1940
Blanco Alfaya, Fermín	Ventosela-Redondela	Palencia	11-07-1937
Carballo Carballo, Benito	Santeles-A Estrada	Soria	02-06-1940
Carragal Peón, Luís	Budiño-O Porriño	Soria	02-06-1940
Casado Redondo, Santiago	Parada-Cotobade	Soria	02-06-1940
Del Río Besada, Luciano	Paredes-Vilaboa	Burgos	11-05-1940
Eiras Abad, Segundo	San Mateo de Oliveira	Palencia	11-07-1937
Feijoo Soto, Cesáreo	G. Casablanca-Vigo	Soria	02-06-1940
Ferrándiz Fernández, Joaquín	Prado-Gondomar	Burgos	02-06-1940
Gamallo Silva, José Ramón	Amil-Moraña	Valencia	02-06-1940
García Blázquez, Higinio	Taboada-Silleda	Valencia	02-06-1940
García Guance, Gonzalo	Portela-Rodeiro	Burgos	02-06-1940
Garrido Álvarez, Jesús	Zamar-Vilagarcía	Palencia	11-07-1937
Giráldez Piña, Dámaso	Godóns-Covelo	Valencia	02-06-1940
González Adrio, Rafael	Vilachán-Tomiño	Soria	02-06-1940
González Rodríguez, Angelina	Aldán-Cangas	Las Palmas	02-06-1940

¹⁵ Traslados, *El Noticiero Gallego*, 18/12/1940, p. 2.

Apelidos e nome	Localidade	Traslado a	Boletín
Lago Búa, Marina	Rande-Redondela	Zamora	05-01-1938
Martínez Pereira, Joaquín	Santiago de Ribarteme	Burgos	02-06-1940
Moreiras Cabanelas, Darío	Cadrela-Marín	Valencia	02-06-1940
Nogueira Barrenechea, Isolina	Graduada Casablanca	Soria	02-06-1940
Otero Ulloa, Vicente	Anguións-A Estrada	Burgos	11-05-1940
Paz Sueiro, Juan	Vilanova-Lalín	Burgos	02-06-1940
Pintos Mínguez, Antonio	Baión-Vilanova de A.	Burgos	02-06-1940
Rodríguez Rodríguez, Corona E.	Sanguñeda-Mos	Ávila	05-01-1938
Rodríguez Rodríguez, Eugenio	Codeseda-A Estrada	Valencia	02-06-1940
Ron Cabarcos, José	Salcedo-Pontevedra	Salamanca	05-01-1938
Soto Martínez, Antonio	Valadares-Lavadores	Burgos	02-06-1940
Taibo García, Victoriano	Morgadáns-Gondomar	Valladolid	05-01-1938
Touriño López, Victor	Dimo-Catoira	Burgos	02-06-1940
Vidal Provenza, Antonio	Famelga-Cotobade	Burgos	02-06-1940

Fonte: BOE (1937), BOPP (1938 e 1940). *El Noticiero Gallego*, 11-07-1940, p. 2. Elaboración propia.

Revisemos, aínda que sexa someramente, a traxectoria dalgúns destes mestres e mestras que foron trasladados fóra da rexión:

- José M.^a Álvarez Blázquez (mestre das Olivas-Tui) e o seu curmán Emilio Álvarez Gallego (mestre da Seca-Pontevedra), trasladados, respectivamente a Zamora e Cáceres. Neste caso si que puideron pesar cuestións de tipo galeguista ou de compromiso coa lingua. Ambos formaban parte dunha familia moi comprometida con Galicia, relacionados, ademais, por lazos familiares con Alexandre Bóveda (casado con Amalia Álvarez Gallego), fusilado na Caeira o 17 de agosto de 1936. José M.^a Álvarez Blázquez, da Federación de Mocidades Galeguistas dende 1933, era, ademais, fillo do médico tudense Darío Álvarez Limeses, fusilado en Tui por consello de guerra sumarísimo na madrugada do 30 de outubro de 1936.
- Luís Carragal Peón, mestre de Budiño (O Porriño), foi trasladado a Noviercas, Soria. Puxera en marcha a Cooperativa Rural Anxa á Escola Nacional de Nenos, coñecida pola sigla CREANN (Gabriel, 1999; Porto Ucha, 2003: 126-134), experiencia moi visitada por outros mestres durante a Segunda República. Contaba co apoio de distintas sociedades con proxección en Bos Aires (“Residentes de Budiño en Buenos Aires”, “Fomento de Porriño y su distrito” etc.) A Cooperativa contaba cunha in-

cupadora de pitos, unha carpintaría, trinta colmeas, árbores froiteiras; cultivábanse patacas, repolo e outros produtos hortícolas. Por outros casos similares estudados, este tipo de experiencias non eran ben vistas polas autoridades do réxime.

- Cesáreo Feijoo Soto, mestre da Graduada de Casablanca (Vigo), e Antonio Vidal Provenza, mestre de Famelga (Cotobade) foron trasladados a Soria e Burgos, respectivamente. Formaban parte da delegación provincial da Comisión Nacional de Socorro aos mestres presos, con motivo da Revolución de Asturias, en outubro de 1934, na que algúns implicados no movemento revolucionario deran cos ósos no cárcere.
- Jesús Garrido Álvarez, mestre de Zamar (Vilagarcía de Arousa), foi trasladado a Barruelo de Santullano (Palencia). Fora acusado de galeguista e comunista. Ao non tomar posesión da praza, foi inhabilitado para exercer a ensinanza nun centro oficial. Foi profesor nos colexios “Mezquita” de Vigo e “León XIII” de Vilagarcía de Arousa, xunto ao poeta Aquilino Iglesias Alvariño (Porto Ucha, 2003: 173-174).
- No caso de Joaquín Martínez Pereira, mestre de Santiago de Ribarteme (As Neves) trasladado a Burgos, e que Morente Valero indica só coas iniciais (1997: 390), no seu expediente consta que “menospreció las leyes de la Iglesia al casarse civilmente, con innegable escándalo, que justificaría la sanción de separación definitiva, si la circunstancia atenuante de los servicios militares prestados por el maestro no hubiere permitido una venignidad (sic) que, sin embargo, no debe evitar el apartar al maestro de la región en que su escandaloso matrimonio lo desprestigia para el ejercicio de la enseñanza”.
- José Ron Cabarcos, mestre de Salcedo (Pontevedra), foi trasladado a Cespadosa de Tormes (Salamanca). Participara na creación da “Casa del Maestro” de Pontevedra, da que foi secretario. Porén, o traslado non se fixo efectivo, senón que foi anulado en outubro de 1938 e quedou como mestre da escola de nenos número 2 de Salcedo. Moitos anos despois, as novas escolas de Cabanas recibiron o nome de Grupo Escolar José Ron Cabarcos, como homenaxe á súa figura¹⁶.
- Fermín Blanco Alfaya, mestre de Ventosela en Redondela, e Marina Lago Búa, mestra de Rande (Cedeira), foron trasladados a Palencia e Zamora, respectivamente. Para o primeiro os cargos eran de «militancia en organizacións afectas á República e actitudes contrarias á causa nacional». No caso da segunda, foi sancionada co traslado a unha escola da provincia de Zamora en xaneiro en 1938; en abril do mesmo ano a devandita sanción suspendeuse e en xuño reincorporouse á escola de Rande. Igualmente, o traslado de Fermín Blanco Alfaya a Hermedes de Gerato quedou en suspenso e permaneceu na escola de Ventosela.
- Victoriano Taibo García, natural de Santiago de Compostela, colaborou coas Irmandades da Fala e destacou como poeta, ao publicar obras en galego en medios

¹⁶ Sprinter, Un grupo escolar llevará el nombre de D. José Ron Cabarcos, *La Noche*, 29/09/1967, p. 6.

como *Miña Terra, O Gaitero de Lugo, A Nosa Terra, O Tío Marcos da Portela* etc. Cando era mestre de Morgadáns (Gondomar), en 1938, foi sancionado co traslado fóra da rexión e destinado a unha escola de Villalar de los Comuneros (Valladolid). Regresou a Morgadáns en 1942 e ingresou na Real Academia Galega en 1946. Xubilouse como mestre en 1954 e faleceu en Vigo en 1966 (Alonso, 2008).

O 9 de febreiro de 1939 aparecería a Lei de responsabilidades políticas, que tivo moita repercusión no proceso de depuración. Albiscábase o final da guerra. O texto legal era elocuente na súa declaración de principios¹⁷:

Próxima la total liberación de España, el Gobierno, consciente de los deberes que le incumben respecto a la reconstrucción espiritual y material de nuestra Patria, considera llegado el momento de dictar una Ley de Responsabilidades Políticas, que sirva para liquidar las culpas de este orden contraídas por quienes contribuyeron con actos u omisiones graves a forjar la subversión roja, a mantenerla viva durante más de dos años y a entorpecer el triunfo providencial e históricamente ineludible del Movimiento Nacional, que traduzca en efectividades prácticas las responsabilidades civiles de las personas culpables y que, por último, permita que los españoles que en haz apretado han salvado nuestro país y nuestra civilización y aquéllos otros que borren sus yerros pasados mediante el cumplimiento de sanciones justas y la firme voluntad de no volver a extraviarse, puedan convivir dentro de una España grande y rindan a su servicio todos su esfuerzos y todos sus sacrificios.

Por unha orde do 18 de agosto de 1939 van desaparecendo as comisións e a creación da Comisión Superior Ditaminadora. Como novas sancións xorde o traslado forzoso con prohibición de solicitar cargos entre un e cinco anos. Aínda que a posibilidade de formular a revisión de resolucións se introduciu coa creación da Oficina Técnico-Administrativa, esa cuestión sería regulada pola Lei do 10 de febreiro de 1939.

En 1939 temos recollidos un total de 262 casos de depuración (111 mestres e 151 mestrás). En 1940, 279 (211 mestres e 68 mestrás). Un número importante deles con separación do servizo e baixa na escala, moitos dos que foran separados dos seus cargos en 1936; outro número importante foron trasladados fóra da rexión. En 1941 constan 27 (23 mestres e 4 mestrás). En 1942 figuran 22 (20 mestres e 2 mestrás). Neste ano dáse por rematado o proceso. En total, temos recollidos como separación do servizo e baixa na escala, 100 (91 mestres e 9 mestrás) (Táboa 5).

En 1942, creouse o Xulgado Superior de Revisións que continuou ata 1961 e mesmo nalgún caso se prolongou ata finais dos anos 60, nun proceso verdadeiramente esgotador para os que o sufriron. Cabe destacar, como din Marín García e Moreno Egido que nestes procedementos se aplicou o principio da “xustiza ao revés”, pois eran os acusados os que soportaban a carga da proba e debían demostrar a súa inocencia.

¹⁷ Lei do 9 de febreiro de 1939 de responsabilidades políticas, *BOE* 13/02/1939, pp. 824-847.

Táboa 5
Mestres e mestras depurados na provincia de Pontevedra
RESOLUCIÓN DE SEPARACIÓN DO SERVIZO E BAIXA NA ESCALA
1936-1942

Apelidos e nome	Localidade	Concello	Boletín ¹⁸
*Abal Padín, Segundo ¹⁹	Castroguadín	Vilagarcía de A.	11-05-1940
Adrio Sobrido, Nieves	Angoares	Ponteareas	17-01-1942
Alonso Arenas, José	Folgozo	Cerdedo	11-05-1940
*Alonso Pérez, Juan	Arbo	Arbo	04-10-1937
Álvarez Franco, Agustín	Carracedo	Caldas de Reis	17-01-1942
Ameijeiras Picallo, Manuel	Souto	A Estrada	11-05-1940
Ares Sánchez, José	Parada	A Cañiza	11-05-1940
Barreiro Calvete, Herminio	Vilanova	Vilanova de A.	17-01-1942
Bernárdez García, Jesús	Ponteareas	Ponteareas	21-03-1941
Bernárdez Gómez, Telmo	Pósito	Bueu	17-01-1942
Bernárdez Gómez, Jesús	Pósito	Cangas	17-01-1942
Bértolo Abril, José	Cillarga	Ponteareas	17-01-1942
Bertomeu Sandra, José M ^a	Couso	Campo Lameiro	11-05-1940
Blanco López, Samuel	S. Tomé de Nogueira/Meis		11-05-1940
Bouzas Sánchez, Francisco	Frades	Mondariz	17-01-1942
Briones Barca, Joaquín	Forzans	Pontecaldelas	17-01-1942
Cancela Guzmán, José	Dorrón	Sanxenxo	17-01-1942
Carbó Velilla, M ^a del Carmen	Ribadumia	Ribadumia	17-01-1942
Caselles Roldán, Teodoro	Remesar	A Estrada	24-07-1941
Castaño Priegue, José M.	Vilaxoán	Vilagarcía de A.	17-01-1942
Castillo Ferreiro, Ramón	Liñares	Forcarei	17-01-1942
Castro Dono, Ramiro	A Mariña	A Guarda	17-01-1942
Cid Rivero, Isidoro	Vigo	Vigo	17-01-1942
Cobas Fontenla, José M ^a	Vilanova	Cotobade	11-05-1940
Couto Mallén, Agustín	San Xulián	Marín	17-01-1942
Crespo Rodríguez, Benedicto	Areal	Vigo	11-05-1940
Cribeiro González, José	Donas	Gondomar	24-07-1941

¹⁸ A data do boletín corresponde á resolución definitiva. Os máis deles e delas xa estaban «suspensos dos seus cargos» dende 1936.

¹⁹ Os que figuran con asterisco foron mortos, fusilados ou paseados, normalmente con anterioridade á data de resolución.

Apelidos e nome	Localidade	Concello	Boletín ¹⁸
De Saa Bravo, Luís	Illa de Arousa	Vilanova de A.	11-05-1940
Del Río González, Margarita	Pazos de Borbén	Pazos de Borbén	02-05-1937
Estévez Justo, Justo	A Picoña	Salceda de Caselas	04-10-1937
Farto Bravo, Rogelio	Alxén	Salvaterra	17-01-1942
Ferreira Requejo, Diego	As Estacas	Fornelos de Montes	20-06-1940
Fraile Pampín, Andrés	Nantes	Sanxenxo	04-10-1937
Fuertes Carbajal, Domingo	Vilalonga	Sanxenxo	02-05-1937
*Fraiz Villanueva, Víctor	Coia	Vigo	17-01-1942
*Gallego Camarero, Hipólito	Forcadela	Tomiño	04-10-1937
García Barros, Manuel	S. Pedro e S. Tomás/A Estrada		20-06-1940
García Casalderrey, José	Frades	A Estrada	11-05-1940
Gastiasoro Ruíz, Gumersindo	Darbo	Cangas	11-05-1940
Golmar Rodríguez, Jesús	Meixome	Lalín	20-06-1940
*Gómez Rodríguez, Costantino	Setecoros	Valga	20-06-1940
González Conde, Domingo	Sobradelo	A Cañiza	20-06-1940
González Gómez, Juan	Oeste	Catoira	20-06-1940
González Vicente, Ricardo	Vigo	Vigo	11-12-1940
Iglesias Constenla, Manuel	Noalla	Sanxenxo	20-06-1940
Jorge Franco, Manuel Salustiano	Outeiro	Sanxenxo	11-05-1940
Juárez Crespo, Antonio	Freixeiro	Vigo	11-05-1940
Juncal Paredes, Manuel	O Porriño	O Porriño	24-07-1941
Lobato Castaño, Francisco	Abalo	Catoira	20-06-1940
Lobato Gamallo, Manuel	S. Xulián de Veá	A Estrada	20-06-1940
Lois Cerviño, Emilio	Igrexario	Cotobade	11-05-1940
López Varela, Fermín	Pardesoá	Forcarei	11-05-1940
Luces Iglesias, José	Vilasobroso	Mondariz	11-05-1940
Magariños Granda, Francisco	Bermés	A Estrada	11-05-1940
Mahiquez Barrera, Amadeo	Petán	A Cañiza	20-06-1940
Martínez Buján, Juan	Deiro	Vilanova de A.	11-05-1940
Martínez Pereiro, Manuel	Redondela	Redondela	04-10-1937
Martínez Santos, Peregrina	Rouxique	Sanxenxo	11-05-1940
*Meis Martínez, José	Seixo	Marín	11-05-1940
Mencia Roig, Andrés	Chapela	Redondela	11-05-1940

Apelidos e nome	Localidade	Concello	Boletín ¹⁸
Méndez Rodríguez, Benito	Acibeiro	Forcarei	04-10-1937
Méndez Rodríguez, Isolina	A Igrexa	Forcarei	11-05-1940
Núñez Zarazo, Carlos	Solobeira	Vilagarcía	20-06-1940
Ozón Martínez, Eulogio	Sta. María de Sacos/Cotobade		04-10-1937
Ozón Martínez, José M ^a	Mosende	O Porriño	11-05-1940
Pais Llorens, Joaquín	Redondela	Redondela	11-05-1940
Panadero Charlín, M ^a Concepción	Coia	Vigo	11-05-1940
Pardellas Puga, Gonzalo	Arcos	Ponteareas	11-05-1940
Pascual Villegas, Luís	Areal	Vigo	21-03-1941
Pazo Álvarez, Eduardo	Somoza	A Estrada	11-05-1940
Pedreira Pozo, Manuel	Barrio Meavia	Forcarei	04-10-1937
Pereira Paz, Vicente	Randufe	Tui	11-05-1940
Pereira Solla, Bernarda	Sanxenxo	Sanxenxo	11-05-1940
Pérez Fernández, Manuel	Negros	Redondela	11-05-1940
Piñeiro Camiña, José	Hío	Cangas	11-05-1940
Ramallo Gómez, Benito	Baiona	Baiona	11-05-1940
Ramírez Pérez, Ignacio	Cumiar	Ponteareas	11-05-1940
Rey García, Aurelio	Cuntis	Cuntis	11-05-1940
Rey Vázquez, Manuel	Portonovo	Sanxenxo	11-05-1940
Rodríguez Gormaz, Asunción	Barrio de Ribadavia /Vigo		11-05-1940
*Rodríguez Méndez, Alfonso	Sanxenxo	Sanxenxo	17-01-1942
Rodríguez Novo, Adolfo	Pexegueiro	Tui	11-05-1940
Rodríguez Rodríguez, Amando	Baredo	Baiona	11-05-1940
Romero Calvo, Enrique	Eiras	O Rosal	04-10-1937
*Sáez Ruiz, Vicente	Coiro	Cangas	11-05-1940
Santos Cobas, Raimundo	Fornelos da Ribeira/Salvaterra		11-05-1940
Simón Alonso, José	As Regadas	Arbo	11-05-1940
Sobreira Fernández, José	S. Roque	Arbo	11-05-1940
Soliño Pintos, Francisco	Alcabre	Vigo	11-05-1940
Soto Fernández, Luís	Mondariz	Mondariz	11-05-1940
Torres González, José	Ouzande	A Estrada	11-05-1940
Torres Pérez, Estanislao V.	Vilalonga	Sanxenxo	11-05-1940
*Trabazo Serapio, Víctor	Xil	Meaño	11-05-1940
Varela Buela, Francisco	Cerdedo	Cerdedo	11-05-1940
Vázquez Rey, José Antonio	Pontecesures	Pontecesures	09-07-1937

Apelidos e nome	Localidade	Concello	Boletín ¹⁸
Vence Guerra, David	S. Xorxe de Veá/	A Estrada	11-05-1940
Vidal Bustamante, Enrique	Preparat. do Instituto de Vigo		11-05-1940
Viéitez Iglesias, José	Cristiñade	Ponteareas	24-07-1941
Viéitez Soto, José	Magán	Cuntis	11-05-1940
Villaverde Rey, Juana	Sobradelo	Vilagarcía	11-05-1940

Fonte: BOE (1937) e BOPP (1938-42). Elaboración propia

Relacións entre política escolar, reformas e innovacións republicanas e a depuración na provincia de Pontevedra

Vexamos agora, de forma resumida, algunhas cuestións verbo da política escolar e as reformas e innovacións no período republicano (Porto Ucha e Iglesias Salvado, 2006: 113-146), que poden axudar a describir, comprender e explicar o posterior proceso de depuración, polos profesionais implicados. Houbo, ademais, outros importantes proxectos de reforma que se levaron a cabo durante aqueles anos, como foi a reforma agraria, a reforma do exército, a secularización dos cemiterios e o voto para a muller, ou cuestións máis próximas como o matrimonio civil ou o divorcio, cuestións estas que figuran con frecuencia nos cargos contra os mestres e mestras depurados.

- a) *A ensinanza na Constitución*. A nova Constitución, aprobada o 8 de decembro de 1931 e promulgada ao día seguinte, dedicáballe o Título III, Cap. II, á “Familia, economía y cultura”. Entre outras cuestións, o art. 48 recollía que «El servicio de la cultura es atribución esencial del Estado, y lo prestará mediante instituciones educativas enlazadas por el sistema de escuela unificada». Foi este un punto importante, que afectaría a unha nova forma de entender toda a estrutura educativa, onde estaban todas as escolas e sociedades de emigrantes, con forte impacto en Galiza²⁰.

O mesmo art. 48 da Constitución sinalaba que “La enseñanza será laica, hará del trabajo el eje de su actividad metodológica y se inspirará en ideales de solidaridad humana”. Así, pois, durante a Segunda República, a escola, por imperativo do art. 48 da Constitución, sería laica. Inhibiríase nos problemas relixiosos e non ostentaría signo ningún que implicase confesionalidade. A retirada dos crucifixos das aulas sitúase a miúdo no centro das denuncias. Nas escolas *Normais*, prohibiuse, incluso, ás profesoras viviren en conventos, residencias, colexios e institucións privadas, onde se hospedasen ou preparasen as alumnas que cursaban os estudos na Normal. Nesa liña, fixéronse esforzos para crear residencias oficiais onde poder

²⁰ No sur da provincia de Pontevedra destacou o labor do mestre Antón Alonso Ríos á fronte da Escola “*Aurora del Porvenir*” de Tomiño, cuxa traxectoria estudou X. M. Malheiro (2006).

ofrecer un ambiente de fogar e cultura. En Pontevedra, por exemplo, destacou a Residencia de Estudiantes, que comezou a funcionar en 1934, para alumnos do Instituto e tamén do Plano profesional da Escola Normal do Maxisterio primario. No verán utilizábase para organizar cursos de formación para mestres nacionais da provincia. Xaime Isla Couto, da terceira promoción mixta do Plano profesional en Pontevedra, tal como nos sinalou nunha entrevista, viviu aquel clima de camaradaría. Era director da residencia Bibiano Fernández Osorio-Tafall, catedrático de instituto, que despois se exiliou en México, tras a Guerra Civil.

- b) *Unha nova escola para unha nova época: O Plan profesional.* Unha das declaracións máis logradas, do que a Segunda República pretendía coa escola, encontrámola no Decreto orgánico do 29 de setembro de 1931, polo que se reformaban as escolas *Normais*, agora en réxime de coeducación. O texto legal, coa sinatura de Niceto Alcalá Zamora, presidente do Goberno, e de Marcelino Domingo Sanjuán, ministro de Instrución Pública e Belas Artes, afirmaba que esta Escola “será jardín y taller; convivencia de todas las clases sociales y todas las confesiones; principio de una selección que posibilitará el vuelo de la inteligencia a las cimas del saber y el poder”. E para esa nova escola necesitábase un novo modelo de profesional. Chegou, así, o Plano profesional, no que o maxisterio tiña categoría de estudo universitario. De aquí en diante, o mestre podía tratar “de ti a ti” ás outras forzas coas que se rodeaba: o médico, o avogado, o cura... o que lle trouxo despois problemas. O mestre convertíase, así, en artífice desa nova escola. E, nese sentido, sinalábase nas consideracións do citado decreto:

(...) Urgía crear escuelas, pero urgía más crear Maestros; urgía dotar a las Escuelas de medios para que cumplieran la *función social*²¹; que les estaba encomendada, pero urgía más capacitar al Maestro para convertirlo en sacerdote de esta función urgía elevar la jerarquía de la Escuela, pero urgía igualmente dar al Maestro de la nueva sociedad democrática la jerarquía que merece y merecerá haciéndole merecedor de ella.

Ese compromiso coa función social levou ao maxisterio a enfrontamentos nos lugares onde desenvolvía o seu labor, e serviría despois para satanizar os mestres, coa chegada do Franquismo e a conseguinte depuración. Nun traballo recente (Porto Ucha e Vázquez Ramil, 2017) recolleemos o labor social do mestre da Cañiza José Benito González Álvarez, en cuxa defensa tivo que saír o mestre de Coia, Víctor Fraiz Villanueva (fusilado en 1937), e a quen a mesma Inspección educativa lle recomenda o traslado, que efectúa en 1935 para Cidade Real. Nun traballo anterior sobre a Escola Normal de Pontevedra (Porto Ucha, 1994) recolleemos as distintas promocións dos alumnos e alumnas egresados polo Plano profesional durante aqueles anos. Da primeira promoción mixta, entre outros fortemente sancionados, Germán Adrio Mañá foi fusilado en Pontevedra en novembro de 1936; José M.^a Álvarez Blázquez sufriría o traslado fóra da rexión a Zamora; Jesús e Telmo Bernárdez Gómez, mestres de pósitos de pescadores de Aldán (Cangas) e

²¹ O subliñado é noso.

Bueu, respectivamente, foron separados do corpo de maxisterio e dados de baixa na escala²². Da segunda promoción mixta, José M.^a Osorio Rodríguez, separado do servizo, viviu grazas a impartir clases nunha academia.

Cabe destacar o labor desenvolvido na Escola Normal do Maxisterio Primario de Pontevedra durante o período republicano, baixo as novas características de *fusión* (as dúas escolas *Normais*, a de mestres e a de mestras, fundidas nunha soa) e *coeducación* (alumnos e alumnas normalistas convivindo na mesma aula). Procede da Escola Superior do Maxisterio (Puga Pereira 1992), neste centro impartiu docencia a redondelá Ernestina Otero Sestelo como profesora de Pedagogía, mentora de moitos dos mestres e mestras aquí citados²³.

Porén, por contradicións da vida, aquela Escola Normal, coa chegada da guerra, serviu de cárcere (“Normal Quinta Brigada”), de onde saíron moitos mestres para o paredón de fusilamento ou “paseados”. Temos rexistrados os seguintes:

- Adrio Mañá, Germán. Mestre superior do Plano profesional. Nado en Vilagarcía o 16 de marzo de 1888. Fusilado en Pontevedra por Consello de Guerra o 12 de novembro de 1936, aos 48 anos de idade. No BOPP do 1 de setembro de 1936 aparece entre os mestres da provincia suspendidos dos seus cargos. Figura na “Relación de individuos que han sido detenidos por los sucesos de julio último”, PONTEVEDRA. NORMAL QUINTA BRIGADA, 1936. Militante do Partido Socialista.
- Gómez Rodríguez, Constantino. Mestre de Setecoros (Valga). Consta con resolución de “separación do servizo e baixa na escala (BOPP, 20 de xuño de 1940). No BOPP do 1 de setembro de 1936 figura entre os mestres da provincia que se suspenden dos seus cargos. Aparece igualmente na “Relación de individuos que han sido detenidos por los sucesos de julio último”, PONTEVEDRA. NORMAL QUINTA BRIGADA, 1936. “Paseado” o 17 de marzo de 1937, aos 25 anos.

²² A título de exemplo, foron fortemente sancionados os mestres dos pósitos seguintes: Víctor Sánchez Martil, do pósito de Coiro (Cangas), fusilado; Ramiro Castro Dono, do pósito da Mariña (A Guarda), separado do servizo e dado de baixa no escalafón; Ramón Cahirta Otero, do pósito de Moaña, con traslado dentro da provincia e suspensión de emprego e soldo; Pedro Fondevila Abeledo, do pósito de Tirán (Moaña), con confirmación no posto, pero sen dereito a cobrar os haberes durante o tempo que estivo suspendido; Juan Fernández Seidedos, do pósito da Moureira (Pontevedra), con traslado dentro da provincia; Manuel Rey Vázquez, do pósito de Portonovo (Sanxenxo), con separación do servizo e baixa no escalafón; Luís de Súa Bravo, do pósito da Illa de Arousa (Vilanova de Arousa), con separación do servizo e baixa no escalafón.

²³ Ela mesma foi suspendida de emprego e soldo pola Presidencia da Xunta Técnica do Estado, con data 4 de novembro de 1936, e separada definitivamente do servizo e baixa no escalafón o 12 de xuño de 1937; en 1939 anulábase a separación definitiva, sancionándoa con traslado fóra da provincia, suspensión de emprego e soldo por dous anos e inhabilitación para cargos directivos e de confianza. Ernestina Otero comezou de novo en Ourense, onde permaneceu once anos ata 1951, en que tomou outra vez posesión do cargo de profesora numeraria de Pedagogía na Escola de Maxisterio de Pontevedra.

- Meis Martínez, José. Mestre do Seixo (Marín). Fusilado o 27 de xullo de 1937, aos 42 anos de idade. Consta con resolución de separación do servizo e baixa na escala (BOPP, 11 de maio de 1940). Figura como bibliotecario da “Casa del Maestro” de Pontevedra en 1935. No BOPP do 1 de setembro de 1936 aparece entre os mestres da provincia suspendidos dos seus cargos. Figura tamén na “Relación de individuos que han sido detenidos por los sucesos de julio último”, PONTEVEDRA. NORMAL QUINTA BRIGADA, 1936. Pertencia a “Trabajadores de la Enseñanza”.
 - Muíños Búa, Eduardo. Mestre. Fusilado o 2 de decembro de 1936, aos 39 anos de idade. No BOPP do 1 de setembro de 1936 figura como mestre de Verducido (Xeve). Incluído na “Relación de individuos que han sido detenidos por los sucesos de julio último”, PONTEVEDRA. NORMAL QUINTA BRIGADA, 1936.
 - Novás Souto, Paulo. Mestre da escola mixta de Santa María de Sacos, de San Adrián de Cobres, e da Preparatoria do Instituto de Pontevedra. Nado en São Paulo (Brasil). Fusilado por Consello de Guerra en Pontevedra, o 12 de novembro de 1936, aos 36 anos de idade. Consta no BOPP do 1 de setembro de 1936 entre os que se suspenden dos seus cargos de mestres. Aparece tamén na “Relación de individuos que han sido detenidos por los sucesos de julio último”, PONTEVEDRA. NORMAL QUINTA BRIGADA, 1936. Foi secretario provincial de Izquierda Republicana.
 - Rey Pavón, Benigno. Mestre e deportista. Nado en Pontevedra en 1908. Foi mestre en Lantaño, Arcos (Ponteareas) e Penzol (Asturias). Está tamén na “Relación de individuos que han sido detenidos por los sucesos de julio último”, PONTEVEDRA. NORMAL QUINTA BRIGADA, 1936. Fusilado en Pontevedra por Consello de Guerra, o 12 de novembro de 1936, aos 27 anos de idade.
- c) *Aumento de soldo para os mestres e mestras.* Atrás quedaba a época de “pasas máis fame que un mestre de escola” (a situación volvería despois, de novo). O referido decreto do 29 de setembro de 1931 establecía para os mestres e mestras que terminasen estudos polo novo plan un salario mínimo de 4.000 ptas. anuais. Hai que ter en conta que anteriormente existían sete categorías de profesionais, nos que a maioría dos mestres e mestras ocupaba na primeira escala a sétima categoría cun soldo anual de 3.000 ptas. Pero existía unha segunda escala con tres categorías e os seguintes soldos: 3.000 ptas. (8.ª categoría; 3.100 mestres), 2.500 ptas. (9.ª categoría; 1.800 mestres) e 2.000 ptas. (10.ª categoría; 5.033 mestres). Todo isto foi recibido con xúbilo polo profesorado, aínda que as loitas sindicais estiveron divididas entre os que defendían elevar os salarios máis baixos (FETE) e os partidarios de distribuír o diñeiro entre todas as categorías (Asociación Nacional do Maxisterio). Tampouco foi ben recibido que os mestres do Plano profesional cobrasen xa de entrada 4.000 ptas.
- d) *A creación de máis escolas.* O novo goberno anunciou a posta en marcha do chamado “Plan Quinquenal”, de creación de 27.151 escolas: 7.000 o primeiro ano e

5.000 nos anos seguintes. Aínda que houbo moitos atrancos de aplicación, pasouse de 36.680 mestres nacionais en 1931 a 51.593 en 1935. Debemos sinalar as dificultades para coñecer o número exacto de escolas en funcionamento coa chegada da guerra, o cal permitiría saber a porcentaxe de mestres e mestras depurados. Non hai un rexistro fiable. Temos recollido dos estudos clásicos de Mollero Pintado, Pérez Galán e Samaniego Boneu algúns datos ao respecto sobre a Segunda República, concretamente a cifra de 50.527 mestres nacionais en 1935 (Porto Ucha, 2008: 34), pero estes datos xa son de estatísticas anteriores. Con relación á distribución de mestres por provincia, en abril de 1931 soamente había dez provincias con máis de mil mestres: Pontevedra tiña 1.150 (Porto Ucha, 1986: 366). O número foi incrementándose notabelmente ao longo dos anos da República. En abril de 1935 Pontevedra tiña xa 1.651 (Porto Ucha, 1986: 367), pero aos mestres e mestras nacionais (funcionarios) habería que engadir os interinos, substitutos, alumnos-mestres do Plano profesional, os do Plano de 1914 en extinción, que accederon polo sistema de cursiños de selección profesional, os do chamado Plano de Cultura Xeral etc. Mediante o Plan quinquenal, foron creadas moitas escolas en lugares apartados. Álvarez Limeses (1980) describo deste xeito:

Al terminar esta obra, en 1935, las escuelas existentes son ya 1645, que se distribuyen así: sección de escuela graduada, 102; escuelas de párvulos, 13; unitarias de ambos sexos, 1048; mixtas, 447, y escuelas para prácticas de los alumnos del grado profesional, 32 (...). Este cuadro se altera continuamente por la creación de nuevas escuelas y la desaparición de algunas otras. Así, después de trazado se han creado ya en la provincia 14 escuelas más con carácter definitivo y hay varias también creadas provisionalmente y otras con sus expedientes en tramitación. Por otra parte, las escuelas para prácticas de los alumnos del grado profesional, que fueron 32 para el curso 1934-35, quedaron reducidas a 11 solamente para el de 1935-36 (t. XIII, pp. 1014-15).

E engade: “las escuelas privadas registradas hasta la fecha son 130, aunque falta por declarar seguramente buen número de ellas, y las de sostenimiento voluntario por los municipios ascienden a 22” (t. XII, p. 130).

Aumento de soldos e máis escolas ás que acceder, xunto coa maior formación de entrada, foron factores que axudan a comprender e a explicar a ilusión e o compromiso do Maxisterio coa República.

- e) *Sindicalismo e movemento societario*. A chegada dos anos trinta coincidiu coa revitalización do sindicalismo e do movemento asociacionista do maxisterio. O art. 39 da Constitución de 1931 dicía: “Los españoles podrán asociarse o sindicarse libremente para los distintos fines de la vida humana, conforme a las leyes del Estado. Los Sindicatos y Asociaciones están obligados a inscribirse en el Registro público correspondiente, con arreglo a la Ley”.

Así, o sindicalismo recibiu un novo impulso, progresista e dinámico, coa creación das seccións locais da Federación Española de Trabajadores de la Enseñanza (FETE). Na provincia de Ourense, por exemplo, nacía ATEO (Asociación de Trabajadores do Ensino en Ourense), co seu correspondente órgano de expresión, *ATEO*, revista mensual editada pola Asociación, que substituíu á anterior, *Escue-*

la del Trabajo. Os mestres e mestras de ATEO foron duramente sancionados –o mesmo nome da asociación “ATEO” tiña connotacións antirrelixiosas, e así foi interpretado con frecuencia polas autoridades do réxime–. Hai que ter en conta que moitos profesionais do ensino primario pertencentes a esta asociación tiñan escola na provincia de Pontevedra: por exemplo, Luís Soto, mestre de Mondariz, que tomaría o camiño da emigración con Castelao. Remitimos, en todo caso, ao estudo do profesor Xosé Manuel Cid Fernández, sobre a provincia de Ourense, neste mesmo número de *Sarmiento*.

Naqueles lugares onde había un forte movemento sindical, houbo tamén unha forte represalia para os mestres, como foron aqueles que estaban nos citados pósitos de pescadores, onde moitos deles foron separados en 1936. Podemos facer referencia a: Víctor Sánchez Martil, Pósito de Coiro, fusilado; Telmo Bernárdez Gómez, pósito de Bueu, separado do servizo e dado de baixa na escala (E); Jesús Bernárdez Gómez, pósito de Cangas (E); Ramiro Castro Dono, pósito da Mariña, A Guarda (E); Manuel Rey Vázquez, pósito de Portonovo (E); Pío Cribeiro González, pósito de Aldán (S, suspensión de emprego e soldo); Juan Fernández Seisdedos, pósito da Moureira (t, traslado dentro da provincia).

Entre os impulsores da FETE en Galicia figura o mestre de Coia (Vigo) Víctor Fraiz Villanueva, fusilado no castelo do Castro en 1937. Un acontecemento importante, dramático pola súa proximidade nos comezos do alzamento militar foi a celebración en Vigo do Congreso Rexional dos Traballadores do Ensino de Galicia, que se desenvolveu entre os días 17 e 24 de maio de 1936. Dos mestres pontevedreses fusilados, mortos ou “paseados”²⁴ pertencentes á FETE temos rexistrados os seguintes:

- Abal Padín, Segundo. Mestre de Castrogudín (Vilagarcía). Ingresou na FETE-UGT en 1932. En 1937 estaba preso en San Simón. Xulgado en consello de guerra, foi executado o 13 de maio de 1938, cando contaba 25 anos de idade. Non obstante, no BOPP do 11/5/1940 aparece con separación do servizo e baixa na escala.

²⁴ En conxunto, houbo máis mortes. Á parte dos que recolleemos aquí relacionados coa «Normal Quinta Brigada» e pertencentes á FETE, ademais doutros citados no corpo do texto, constatamos na provincia de Pontevedra os seguintes: Manuel Guillán Abalo, nado en Vilagarcía, «paseado» pola zona da Estrada; Manuel Iglesias Filgueira, mestre do Confiurco (Xinzo, Pontearreas), morto en Pontevedra o 20 de xullo de 1936; Alfonso Rodrigo Méndez, mestre de Sanxenxo, natural de Bande (Ourense), fusilado; Vicente Sáez Ruiz, mestre de Cangas, executado no Lazareto de San Simón pola Lei de Fugas; Víctor Sánchez Martil, estremeño, condenado a morte e executado; José Vázquez Grela, mestre de Nigrán, «paseado». En Vigo, foron asfixiados no bou Eva os mestres galeguistas curmáns de Castelao, Xosé Losada Castelao e Manuel Rodríguez Castelao. Habería que ter en conta, igualmente, os nados na provincia con escola fóra, por exemplo, Bernardo Mato Castro, nado en Vinseiro (A Estrada) e mestre na escola de Santa María de Teo (A Coruña), ou Juan Abramo Dios, natural de Currás (Tomiño), mestre da Igrexa, A Póboa do Brollón (Lugo). Remitimos, en todo caso, ao estudo das provincias da Coruña e Lugo, respectivamente.

- Alonso Pérez, Juan. Mestre de Barcela (Arbo) (coñecido por “Sampayo”). Separado da escola e asasinado o 8 de novembro de 1936 en Tenorio-Cotobade. No BOPP do 1 de setembro de 1936 figura entre os mestres da provincia que se suspenden dos seus cargos. Consta con resolución de separación do servizo e baixa na escala (BOE, 4 de abril de 1937). De Izquierda Republicana e de “Trabajadores de la Enseñanza”.
- Álvarez Álvarez, Joaquín Antonio (coñecido por “Roque”). Mestre de Arbo. Fusilado por consello de guerra, visto no Pazo de Xustiza de Vigo en agosto de 1936. Fusilado o 26 de setembro de 1936, aos 43 anos. Pertencía a “Trabajadores de la Enseñanza”.
- Cortés Fernández, José. Mestre Nacional de Goián (Tomiño). Natural do Castro, A Estrada. Colaborador do *Nuevo Herald* (*Semanario republicano independiente de A Guarda*). Fusilado o 15 de outubro 1936, aos 39 anos. No BOPP do 1 de setembro de 1936 figura entre os mestres da provincia suspendidos dos seus cargos. Pertencía a “Trabajadores de la Enseñanza”. Fora acusado de requisa de armas e explosivos no polvorín de Silleda con propósito de opoñerse ao movemento nacional.
- Fraiz Villanueva, Víctor. Mestre nacional en Ponte Caldelas, Gondomar, Peniche e Coia. Nado en San Tirso de Manduas (Silleda), o 26 de marzo de 1887. Fusilado o 14 de setembro de 1937 no castelo do Castro (Vigo), aos 50 anos de idade. Foi un dos fundadores da Asociación “Trabajadores de la Enseñanza de Vigo”. Previamente, mataran o seu fillo, Víctor Fráiz Castellanos, de 19 anos, na estrada de Redondela a Vigo o 10 de novembro de 1936.
- Gallego Camarero, Hipólito. Mestre nacional de Forcadela (Tomiño). Nado o 30 de xaneiro de 1897. Apareceu “paseado” en Mondariz, o 4 de outubro de 1936. Consta con resolución de “separación do servizo e baixa na escala” (BOE, 4 de outubro de 1937). No BOPP do 1 de setembro de 1936 figura entre os mestres da provincia que foron suspendidos dos seus cargos. Pertencía a “Trabajadores de la Enseñanza”. A súa dona, Josefa García Segret, mestra de Tomiño, foi detida, condenada a morte e logo a cadea perpetua; cumpriu pena nos cárceres de Saturrarán e Palma de Mallorca ata que saíu en liberdade en 1944.
- Meis Martínez, José. Mestre do Seixo (Marín). Fusilado o 27 de xullo de 1937, aos 42 anos de idade. Pertencía a “Trabajadores de la Enseñanza”. Xa citado anteriormente.
- Pedreira Pazos, Manuel. Mestre da escola de Meavía-Forcarei. Pertencía ao Partido Socialista e á ATE. Tiña seis fillos. Asasinado en agosto de 1936.
- Torres López, Apolinar. Mestre nacional da Escola Graduada do Centro (Vigo). Nado en Pontevedra en 1894. Fusilado, por Consello de Guerra, en Pereiró (Vigo) o 27 de agosto de 1936. Consta aínda no BOPP do 1 de setembro de 1936 como suspendido no seu cargo de mestre. Impulsor da Asociación “Tra-

bajadores de la Enseñanza” en Vigo e colaborador de *Escuela Viva*. Casado, con dous fillos (tiña un terceiro, fóra do matrimonio)

- Trabazo Serapio, Víctor. Mestre da escola de Xil (Meaño). “Paseado”. Pertencía a “Trabajadores de la Enseñanza”.

Sobre o tema do sindicalismo, no contexto da Segunda República achega moita información a revista pontevedresa *Escuela Viva*, órgano de expresión de “La Casa del Maestro”, revista que, a pesar da súa curta duración (maio de 1935-xullo de 1936), contén información e proporciona claves de primeira man para entendermos as represalias e o proceso de depuración do maxisterio, a partir do 18 de xullo de 1936²⁵. A publicación era partidaria da ensinanza laica, mixta, gratuíta e obrigatoria (Porto Ucha e Vázquez Ramil, 2013: 301-309).

A “Casa del Maestro” desenvolveu ao longo de pouco máis de dous anos de duración unha intensa actividade asociativa: iniciativas como a elaboración dun nomenclátor de todas as escolas nacionais da provincia (Porto Ucha, 2011: 239-248), participación en misións pedagóxicas e creación dunha biblioteca circulante, con José Meis Martínez, mestre da escola de Seixo-Marín como bibliotecario (un dos mestres pontevedreses fusilados), excursións e actividades lúdicas e culturais, difusión de traballos escolares, apoio profesional etc.

O inspector Rogelio Pérez González (*Roxerius* como escritor), presidente da sección de excursións e misións pedagóxicas, e logo presidente da sección de iniciativas no momento da aparición do semanario, tivo un peso importante no equipo responsábel da redacción de *Escuela Viva*²⁶.

A primeira colaboración no n.º 1 (que remata no número seguinte), “Delincuencia infantil y Tribunales para niños”, corría a cargo do mestre de Seixido (A Lama), Cipriano Jiménez Rodríguez²⁷.

Dos que ocuparon cargos na “Casa del Maestro”, tres foron fusilados: Paulo Novás Souto, José Meis Martínez e Gonzalo Martín March²⁸. Á parte, Víctor Fraiz Villanueva e Apolinar Torres López, da Federación de Traballadores do Ensino en Vigo

²⁵ A colección que se conserva no Museo de Pontevedra, practicamente a única ao alcance dos investigadores, foi subliñada en aqueles tempos coas cores azul e vermella en moitos dos seus temas e nomes de mestres que escribiron nela ao longo dos seus 15 meses de existencia. Moitos dos que colaboraron (principalmente, os subliñados en vermello) sufriron represalias na Guerra Civil.

²⁶ Rogelio Pérez González foi apartado do seu cargo de inspector en setembro de 1936. Separado do servizo e dado de baixa no escalafón o 20 de febreiro de 1937 (BOE, 27/2/1937), non foi readmitido ata os anos corenta.

²⁷ Cipriano Jiménez Rodríguez foi suspendido de emprego e soldo por orde do gobernador civil (BOPP, 01/09/1936). Creada a Comisión Provincial de Depuración, foi suspendido de emprego e soldo por trece meses con traslado dentro da provincia e inhabilitación para cargos directivos e de confianza (S (13m)ii) (BOE, 01/12/1937).

²⁸ Paulo Novás Souto, mestre da Preparatoria do Instituto de Pontevedra, foi fusilado o 12 de novembro de 1936; José Meis Martínez, mestre do Seixo (Marín), foi fusilado o 27 de xullo de 1937; Gonzalo Martín March, mestre da Preparatoria do Instituto de Pontevedra e con posterioridade gobernador civil de Ourense, foi tamén fusilado o 17 de setembro de 1936 no Campo de Aragón de Ourense.

(ATEV)²⁹, para a que a revista *Escuela Viva* reservaba un apartado. Outros sufriron exilio exterior, como Luís Soto Fernández ou Ramón Valenzuela Otero³⁰. José Ron Cabarcos, mestre de Salcedo e secretario da sociedade, tomaba o camiño de Salamanca³¹. Outros asociados que colaboraron na publicación, como Pedro Caselles Rollán, José García Nodar, Nicolás Gutiérrez Campo e José Viéitez Iglesias, recibirían tamén fortes sancións³². Os demais que ocuparon cargos sumíronse no seu particular exilio interior, con distintas sancións³³.

Dos derradeiros traballos en *Escuela Viva*, podíamos citar o de José García Nodar sobre a escola rural³⁴ e os de Fermín López Varela, co seu “Himno republicano para los niños” e “El laicismo y su poder renovador”³⁵. Iniciado e fracasado o golpe militar, o franquismo poría en marcha sistematicamente a maquinaria represiva do profesorado.

- f) *Un novo modelo de inspección educativa*. A escola da Segunda República creou a Inspección profesional. Con ela, o inspector/a converteuse nun orientador e co-

²⁹ Apolinar Torres López, mestre da graduada do Centro (Vigo) foi fusilado en Pereiró (Vigo) o 27 de agosto de 1936; Víctor Fraiz Villanueva, mestre de Coia (Vigo) foi fusilado no castelo do Castro (Vigo) o 14 de setembro de 1937.

³⁰ Luís Soto Fernández, mestre de Mondariz, acompañaría a Castela a América, ata instalarse en México; Ramón Valenzuela Otero fuxiu a Francia, onde foi detido e condenado tras a ocupación nazi. Posteriormente, marcharía a Bos Aires.

³¹ José Ron Cabarcos foi suspendido de emprego e soldo polo gobernador civil (BOPP, 01/09/1936). A sanción posterior (S(6m)TRi) figura no BOPP, de 05/01/1938.

³² Pedro Caselles Rollán substituíra a Gerardo Álvarez Limeses como inspector-xefe da provincia en 1933. Estivo preso en San Simón (Redondela). Tivo que volver sufrir as probas de aptitude pedagóxica en 1942. Os tres seguintes foron tamén suspendidos de emprego e soldo polo gobernador civil en 1936. José García Nodar, mestre de Ribela (A Estrada) e Nicolás Gutiérrez Campo (mestre de Zamáns, Lavadores) figuran no BOPP do 11/05/1940. O primeiro, con suspensión de emprego e soldo polo tempo que levaba suspendido (S()), traslado dentro da provincia por tres anos e inhabilitación para cargos directivos (ti); o segundo, con traslado dentro da provincia por dous anos e inhabilitación para cargos directivos (t(2anos)i). José Viéitez Iglesias (mestre de Cristiñade, Pontearreas), consta no BOPP, do 24/07/1941 con separación definitiva no servizo e baixa no escalafón (E).

³³ Entre as sancións, destacamos as seguintes: Antonio Soto Martínez, mestre de Valadares (Lavadores), figura con S()TR(5anos)i (BOPP, 02/06/1940); Alfredo García Hermida, mestre de Pontevedra, con S(4m) (BOPP, 05/01/1938); José Álvarez Vijande, mestre Pontesampaio, con S(3m) (BOPP, 05/01/1938); Manuel Ameijeiras, mestre de Pontevedra, con t(3 anos)i (BOPP, 11/5/1940); José García Hermida, mestre de Bueu, con S()t(2 anos) i (BOPP, 11/05/1940); Manuel Escribano, mestre de Troáns (Cuntis), con S()T(5 anos)i (BOPP, 23/07/1941); Gonzalo Pardellas Puga, mestre de Arcos (Pontearreas), con E (BOPP, 11/05/1940); Antonio González Novás, mestre de Pontevedra, con S(1m) (BOPP, 04/01/1938); Luís Magdalena, mestre de Calle (Soutomaior), con S()t(2anos)i (BOPP, 11/05/1940). Das mulleres que colaboraron, Dolores Crespo Bóveda, mestra de Cabral (Lavadores) consta con S()t(2anos)i (BOPP, 11/05/1940); Herminia Castrillón Subirat, mestra de Pontevedra, con S(1m)t (BOE, 04/01/1937); María Otero Casas, mestra de Santa María de Sacos (Cotobade), con S(1m) t (BOPP, 04/01/1938).

³⁴ José García Nodar, “El Maestro y la Normal” (23/05/1936); “El Maestro dentro de la escuela” (16/6/1936). J. García Nodar, mestre de Ribela (A Estrada), separado en 1936, foi depurado con S()t(3anos)i (BOPP, 11/05/1940).

³⁵ Fermín López Varela, “Himno republicano para los niños” (23/06/1936); “El laicismo y su poder renovador” (16/07/1936). López Varela, mestre de Pardesoia (Forcarei), foi tamén separado en 1936. Creada a Comisión Provincial de Depuración, foi sancionado con separación do servizo e baixa no escalafón (BOPP, 11/05/1940). Revisado o seu expediente, a sanción foi confirmada posteriormente (BOPP, 31/12/1941).

laborador profesional, fronte ao carácter simplemente técnico e aínda político de datas anteriores (tamén das posteriores). Segundo o Decreto do 2 de decembro de 1932, para ingresar no Corpo de Inspectores Profesionais de Primeira Ensinanza estableceéronse dúas fórmulas: mediante oposición (para mestres nacionais con menos de 45 anos, con 5 anos de «buenos servicios en propiedad», graduados de Pedagogía na Facultade, mestres *Normais* da Escola de Estudos Superiores do Maxisterio) ou ben por concurso restrinxido entre mestres/as nacionais con máis de 15 anos de «servicios excelentes» no ensino oficial. Así, significados profesionais do mundo do maxisterio foron gañados para a historia da inspección grazas a este sistema de acceso.

O 27 de abril de 1933 foron nomeados por concurso restrinxido os dez primeiros inspectores-mestres, todos eles mestres e mestras de gran prestixio na zona onde estaba enclavada a súa escola (Álvarez, Comas e de Vega, 1934: 197-199). Xunto ao nome tradicional de inspector mantíñase o de mestre, para significar que, en ningún momento, quen exercía ese cargo debía abandonar a súa condición esencial de educador en activo servizo. O inspector-mestre seguiría pertencendo á escala do Maxisterio, percibindo unha gratificación de 3.000 pesetas polo novo servizo. Aos dous anos de bos servizos poderían pasar a formar parte da Inspección profesional, se así o solicitaban. Por este sistema entrou na Inspección María Barbeito Cerviño, directora do Grupo Escolar da Guarda da Coruña dende 1915, que introducira o método Montessori en Galicia, experiencia que fora ensaiada en España polos cataláns e por María de Maeztu, quen tamén prestou atención ao método Decroly (Vázquez Ramil, 2012). María Barbeito e mais Ángeles Barriola Gorostieta, de Navarra, foron as dúas inspectoras mestras nomeadas por este sistema.

Como complemento á actuación da Inspección, creáronse os centros de colaboración pedagóxica, nos que grupos de profesores, canda o correspondente inspector ou inspectora da zona, desenvolvían sesións de traballo. Moitos destes inspectores foron centro de atención polas autoridades do “Estado novo”. É verdade tamén que algún dos significados durante a República, co cambio de réxime, se viron envoltos nos preceptivos informes que había que facer con motivo da depuración de mestres e mestras.

No *Manual del Inspector de Primera Enseñanza* (1934), aparece o cadro de doce inspectores para Pontevedra: Gerardo Álvarez Limeses, Juan Novás Guillén, Pedro Caselles Rollán (substituiría a Álvarez Limeses na xefatura da Inspección en 1933), José Gabaldón Navarro (suspendido de emprego e soldo por seis meses, BOE, 27/02/1937), José López Varela, José Muntada Bach, Darío Caramés Ruza, María Cruz Pérez González e Rogelio Pérez González (cesamento no BOE 27/02/1937). A eles irían incorporándose outros novos. Por exemplo, sabemos da incorporación posterior de Ramiro Sabell Mosquera, Olimpio Liste Naveira, Isidora Riestra Peinador... Habería que ter en conta aqueles que se formaron na Escola

Superior do Maxisterio, como foi o caso de José Muntada Bach (Porto Ucha e Vázquez Ramil 2017).

- g) *O impulso da escola activa*. Como continuación do que se viña facendo (bolsas para mestres e mestrás, inspección e profesorado normalista a través da JAE, chegada das técnicas Freinet, da pedagogía de Montessori e Decroly etc.), a escola activa recibiu un novo impulso coa II República. O Decreto do 2 de decembro de 1932, a Orde do 27 de abril de 1933 sobre visitas escolares, e a Orde do 8 de agosto de 1934 sobre excursións instrutivas poden situarse neste contexto. En 1934 o inspector José Muntada Bach (que tiña adxudicada a zona décima, co partido xudicial da Cañiza e o concello de Salceda de Caselas) e mais José Benito González Álvarez, mestre da Cañiza, publicaban na Imprenta El Ribadaviense (Ribadavia) o libroño *Paseos, visitas y excursiones de la escuela activa* (Porto Ucha e Vázquez Ramil, 2017). Importante foi o labor de José Benito González Álvarez, introdutor da pedagogía freinetiana na provincia de Pontevedra (Porto Ucha e Vázquez Ramil, 2016: 629-644).
- h) *Experiencias innovadoras de educación popular: As Misións Pedagóxicas*. Cando o 14 de abril de 1931 quedou establecida a Segunda República en España, comprobouse que as cidades se mostraran republicanas, pero o mundo rural, baixo intereses e formas de vida tradicionais, ofrecera notábeis resistencias. Interesaba, por conseguinte, elevar o nivel cultural deste sector, cara á súa integración no novo marco social (Otero Urtaza, 1982). Dentro deste contexto de educación popular, sitúase o nacemento das Misións Pedagóxicas. Non se trataba de organizar unha ensinanza sistemática; o que se pretendía era unha modalidade de educación, onde quen asistise ás Misións alcanza un novo caudal de coñecementos a través do espectáculo ao aire libre, da conversa directa, das conferencias etc. Era a plasmación do vello ideal institucionista da extensión universitaria. Marcelino Domingo, o ministro que subscribía o Decreto³⁶, sostíña que era necesario e urxente ensaiar novas formas de influencia educativa no pobo, non soamente coa letra impresa, senón coa palabra e o espírito que a animaba:

Se trata de llevar a las gentes, con preferencia a las que habitan en localidades rurales, el aliento del progreso y los medios de participar en él, en sus estímulos morales y en los ejemplos del avance universal, de modo que los pueblos todos de España, aun los apartados, participen en las ventajas y goces nobles reservados hoy a los centros urbanos.

Diante destas preocupacións da Segunda República, non é de estrañar a pronta aparición do Padroado de Misións Pedagóxicas. O Padroado foi creado por un decreto do 29 de maio de 1931 e constituíse tres meses despois. Os iniciadores das Misións recibiran a súa inspiración na doutrina predicada por Manuel Bartolomé Cossío dende os seus primeiros anos de acción educadora, e, por iso, pensaron nel

³⁶ Decreto do 29/05/1931 polo que se crea un "Patronato de Misiones pedagógicas" encargado de difundir a cultura xeral, a moderna orientación docente e a educación cidadá, en aldeas, vilas e lugares, con especial atención aos intereses espirituais da poboación rural. (*Gaceta* n.º 50 do 30/05/1931, pp. 1033-1034).

para poñerse á fronte da nova entidade. Cossío reflexionara con frecuencia en levar ás aldeas e lugares apartados o alento da cultura, reivindicando o ocio e a contemplación estética como valores educativos, convencido de que o goce no estudo e na beleza da arte eran tan importantes para un campesiño como para un intelectual. É este un punto fundamental, na súa concepción educativa. Esta preocupación por chegar ao corazón do mundo rural xa a expresara naquel primeiro Congreso Nacional Pedagóxico de 1882.

O Decreto de Misións, impulsado pola corrente institucionalista, sinalaba tres grandes apartados nos que ía centrar a súa actividade: *a)* fomento da cultura xeral, mediante o establecemento de bibliotecas populares, fixas e circulantes, organización de lecturas e conferencias públicas, audicións e exposicións etc.; *b)* orientación pedagóxica, con visitas a escolas e celebración de semanas ou quincenas pedagóxicas; *c)* educación cidadá, con reunións onde se afirmasen os principios democráticos, acompañadas de conferencias e lecturas nas que se explicasen ao pobo diversas cuestións relacionadas coa estrutura do Estado, participación política e demais.

Un dos servizos máis importantes do Padroado de Misións foi a creación de bibliotecas. A biblioteca escolar convertíase, así, nun dos elementos fundamentais da escola. Para iso, a primeira atención do Padroado neste servizo foi seleccionar as obras que habían de integrar as bibliotecas, tarefa que ofrecía importantes dificultades, polo público ao que ían dirixidas e polas resistencias ofrecidas nos ámbitos rurais, a miúdo controladas por forzas contrarias á República.

O labor cultural das bibliotecas complementábase cos outros servizos do Padroado: coleccións de gramófonos e discos; o cinematógrafo e as proxeccións fixas, dous dos auxiliares máis poderosos da actuación misioneira; o Coro e o Teatro do Pobo, encargados de espertaren a sensibilidade artística; o Retablo de Fantoches; os cursos para mestres, e, finalmente, o Museo do Pobo, con reproducións de cadros, especialmente do Museo do Prado. Sabemos que as Misións foron duramente atacadas durante o segundo bienio, a partir de 1934, reducindo os seus orzamentos e criticando as súas funcións. O Padroado publicou dúas memorias, *Misiones Pedagógicas (Septiembre de 1931, Diciembre de 1933)* (1934) e *Memoria de una misión pedagógico-social en Sanabria (Zamora)* (1935). Estas actuacións hai que telas en conta á hora de analizar a depuración, xa que con frecuencia se orixinaron conflitos coas forzas conservadoras das respectivas parroquias. Lembremos algunhas das súas realizacións en chan galego, máis en concreto na provincia de Pontevedra (Porto Ucha, 1986: 361-411).

Creadas as Misións Pedagóxicas, comezouse co servizo de bibliotecas. Durante 1931, concedéronse para Pontevedra 16 bibliotecas. A finais de 1934, o Padroado de Misións Pedagóxicas repartira un total de 5000 bibliotecas, das que correspondían a Pontevedra, 171. Convén telo en conta á hora de analizar a depuración nas correspondentes escolas, xa que o responsábel da biblioteca era sempre o mestre/a, e había que solicitalas, co correspondente armario, ao Padroado de Misións Pedagóxicas.

Respecto ás conferencias pedagóxicas, foi importante o labor do reitor da Universidade de Santiago, Alexandre Rodríguez Cadarso³⁷, moi vinculado aos institucionalistas, que propoñía a conveniencia de que o Consello Universitario de Primeira Ensinanza realizase un labor eficaz, dentro das atribucións que tiña conferidas polo Decreto do 9 de xuño de 1931. En 1932, o traballo estivo dirixido á realización de conferencias. Unha circular do Consello Provincial de Primeira Ensinanza de Pontevedra, publicada no boletín oficial da provincia, concretaba os obxectivos das Misións: tratábase de conseguir que todos os domingos se desen nos locais escolares conferencias de divulgación daquelas materias indispensábeis para elevar o nivel cultural dos cidadáns. Para pronunciar estas conferencias, requirírase o concurso de todas as persoas cultas dos concellos, médicos, peritos agrícolas, farmacéuticos, avogados, sacerdotes [obsérvese este dato], mestres, “y cuantos se presten a realizar esta obra de divulgación en un terreno neutral, como esas mismas enseñanzas requieren”³⁸.

Cadarso pensaba continuar coas Misións Pedagóxicas da Universidade. Non puido ser, por causa do seu repentino pasamento en decembro de 1933. En 1933 as accións misionais correron a cargo do propio Padroado de Misións Pedagóxicas. Entre o 11 de agosto e o 17 de decembro, estendéronse polas catro provincias galegas. Contouse coa colaboración de Rafael Dieste, Ramón Gaya, Antonio Sánchez Barbudo, José Otero Espasandín e Arturo Serrano Plaja. A nivel local, colaboraron tamén Cándido Fernández Mazas e Antonio Ramos Varela. Durante estes meses, pola provincia de Pontevedra chegaron a Silleda e á Estrada (Pontevedra). Foi a Misión de máis longa duración das realizadas por España e a primeira vez que se fixo coincidir co museo circulante de pintura.

Durante 1934, Galicia contou con dúas Misións Pedagóxicas, dirixidas por Antonio Ramos Varela e Xavier Arias. A primeira tivo lugar na provincia de Pontevedra e figuraba á fronte da organización o inspector de Primeira Ensinanza Roxelio Pérez González.

A Misión Pedagóxica de Pontevedra pode dividirse en dúas fases: a primeira dende o 23 ao 28 de maio, na que se visitou Meaño, Vilalonga e Combarro; a segunda, do 5 ao 23 de xuño, coa visita a Arbo, A Lomba, Valeixe, A Cañiza, Ameixeira, A Franqueira, Luneda, O Covelo, Maceira e San Pedro de Campo.

Cando no mes de xuño de 1934 o Padroado de Misións encargou aos misioneiros Ramos e Fariás o desenvolvemento dun plan misional na provincia de Pontevedra, o inspector José Muntada Bach ofreceuse a compartir o plan levado a cabo na Cañiza, polo carácter rural da zona onde se ía desenvolver. Colaboraron tamén os mestres da Cañiza, José

³⁷ Alexandre Rodríguez Cadarso, natural de Noia (1887), foi catedrático de Anatomía Descritiva da Universidade de Santiago, na que chegaría a reitor. Como tal impulsou a construción das residencias universitarias. Deputado por ORGA, faleceu en accidente de tráfico en Lubián en 1933.

³⁸ A Circular aparece en *El Pueblo Gallego*, de 29/4/1932. A relación completa de conferencias realizadas en Galicia en 1932 (A Coruña e Pontevedra), cos correspondentes temas e persoas invitadas, pode consultarse nun traballo anterior (Porto Ucha, 1986: 515-540). Foi importante o número de mestras que participaron como conferenciantes, con temas innovadores como “El feminismo”, “El voto en la mujer”, “La mujer ante la ley”, “Llamamiento a la mujer gallega” etc.

Benito González Álvarez (que mantiña contactos con José de Tapia, mestre en Montliú, da pedagogía freinetiana en Catalunya) e o de Achas, Jesús Eugenio Pérez Pérez (este rematou fusilado); xunto a eles, tomaron parte activa os mestres da Lamosa e Paraños, que fixeron cos misioneiros un percorrido polos montes da Franqueira. A Misión celebrouse entre o 5 e o 24 de xuño de 1934. En Arbo, por onde andou tamén esta Misión, houbo despois unha forte represión.

Realizáronse tamén audicións musicais, que eran escoitadas nun emocionado silencio. Naquela Misión Pedagóxica da Cañiza, en 1934, realizouse unha Semana Pedagóxica para os mestres e mestras da zona, coa visita á escola de Budiño, na que exercía como mestre Luís Carragal Peón, e á inspectora María Barbeito Cerviño na Coruña. Subliñóuselles aos semanistas a importancia do medio rural no que os nenos e nenas vivían, e a necesidade de traballaren todos na redacción dun folleto divulgativo da xeografía da contorna. Pedíuselles aos mestres que xuntasen materiais completos, documentais, para que este labor cristalizase nun libro de lecturas xeográficas que fosen firme iniciación do ensino xeográfico, nun tramo que comprendía 43 parroquias. Para orientar este traballo, o inspector Muntada Bach trazou un guión que, aínda transcorridos preto de oitenta anos, segue a ser, ao noso entender, de grande interese metodolóxico, do que queda constancia no *Boletín Provincial da Inspección* de Pontevedra (1934).

Hoxe sabemos do labor de Julio Olivares Guzmán, da escola de Piñeiro, que acompañou aos alumnos dende Oroso á Cañiza, para gozar das películas de Charlot, de mandarlles facer un mapa da parroquia, cos ríos, aldeas e montes, e dunha excursión ao arboredo, a tres quilómetros. Olivares Guzmán andou primeiro escondido e foi tamén fortemente sancionado (t(1)) e non volveu á súa escola de Piñeiro (Porto Ucha, 2008: 159-161).

Para rematar. O refuxio no “exilio interior” e a resistencia

Diante da situación xurdida, a moitos mestres e mestras non lles quedou máis remedio como estratexia o refuxio no que vimos denominando o seu particular “exilio interior”, do que en boa maneira se beneficiou o propio franquismo e cuxa conceptualización xa tratamos hai un tempo (Porto Ucha, 2005: 15-36). Daquilo non se falaba. De aí a necesidade e o compromiso por sacar á luz esta faciana do ensino, esencial para o desenvolvemento dunha sociedade democrática.

Hai, no sentido que aquí queremos darlles, distintas formas de exilio interior, distintos “exilios interiores”: o cárcere, a clandestinidade política, os traslados, o silencio e o esquecemento, o rexeitamento dos demais, o desengano, a culpabilidade, a espera, a penuria económica, a non posibilidade de acceso á escola, o exilio dos amigos, da cultura, a negación da escrita, o exilio da familia, ou incluso a non renuncia a vivir os acontecementos, a pesar do amordazamento ao que se está sometido, a desinformación etc.

Unha das características da represión foi a aversión e o desprezo con que se tratou aos vencidos, que explica o trato e o ensañamento para con moitos deles. Ao longo do proceso de recollida de datos recadamos información importante neste sentido. Aparece,

por exemplo, en Xosefina Segret, cando describe a masacre que fixeron co seu home, o mestre de Forcadela (Tomiño), Hipólito Gallego Camarero e mais os seus compañeiros, que apareceron en Mondariz indecentemente cravados no chan cos pantalóns baixados; o asasinato de Víctor Fraiz Castellanos, que despois de recibir múltiples culatazos aparece morto na praia de Cesantes; ou a mesma morte do pai deste, o mestre de Coia, Víctor Fraiz Villanueva. Outros, como o caso dalgúns fillos de mestres, morreron tamén de forma traizoeira na fronte de combate.

Apréciase, tamén, unha importante perversión. Nalgúns casos a suspensión aparece no boletín oficial xa despois de fusilado ou “paseado” (por exemplo, casos como o do pontevedrés Apolinar Torres López, mestre da Escola Graduada do Centro, Vigo, fusilado por Consello de Guerra o 27 de agosto de 1936 (“suspense no seu cargo” no BOPP do 1 de setembro de 1937); Hipólito Gallego Camarero, separado do servizo con data 4 de outubro de 1937, cando fora xa “paseado” xustamente un ano antes. Como xa tratamos antes, a mesma Escola Normal de Pontevedra, por contradicións da vida, converteuse en cárcere (“Normal Quinta Brigada”) aos comezos da contenda, de onde saían algúns mestres para o pelotón de fusilamento. Hai un tempo, tivemos a sorpresa de recibir unha chamada: era Graciela Mirabete, neta de Antón Alonso Ríos, o “señor Afranio” da Escola “Aurora del Porvenir” de Tomiño. Chamábanos dende Lima (Perú) e quería saber de José Cortés Fernández, o mestre de Goián, fusilado en Pontevedra, que tamén estivera preso na “Normal. Quinta Brigada”.

Respecto á depuración, unha persecución, así, global, non se dera. A sorpresa e a falta de capacidade de reacción impediu, nalgúns tristes casos, escapar dunha morte segura.

Outra das características do exilio interior foi a supervivencia. Pero, como defender os seus trazos anteriores, sen asimilarse á nova situación? Hai aquí un proceso que, máis alá das coordenadas sociais, culturais ou humanas, se presenta como aberto, inabarcábel nas súas características esenciais ou de reacción diante do fenómeno. Provoca fonda incompreensión. Non é sinxelo xeneralizar. Depende de moitas circunstancias persoais, da familia, dos fillos... Cada caso que estudamos é un mundo distinto. O que parecía xustificábel nun caso, xa non o era para o seguinte. Sen valorar (tampouco esa é a función do historiador) simplemente nos limitamos a intentar comprender. Tamén é verdade que hai algunhas cousas que un non atina a comprender.

Canto á actitude dos demais, desfavorábel para quen vive o exilio, ademais do rexeitamento, vai ter que pervivir ou sobrevivir da axuda dos outros. Coñecemos experiencias de mestres que tiveron que vivir case que da mendicidade practicada por eles mesmos ou polos fillos; un ovo, unha berza, unha pataca, para chegar ao día seguinte: “Moitas veces ten mandado á casa destes veciños a unha das fillas a pedirlle un ovo para facer unha tortilla”; “(...) lembra (...) a difícil situación en que quedara naquel tempo, sen traballo, con muller e dúas fillas, así como a fortuna da xenerosidade e axuda de moitas persoas da parroquia”.

Tocante ás posibilidades no retorno, tíñanse postas as esperanzas nos acontecementos da Segunda Guerra Mundial, que posibilitasen a caída do franquismo. Tampouco foi así. Do

rexeitamento sufrido con máis virulencia nos primeiros momentos da contenda, con actos de aversión, desprezo ou perversión, foise pasando, progresivamente, a unha segunda fase de esquecemento. Tampouco é que se esqueza de todo. Como dixemos antes, dáse unha especie de fosilización. O fenómeno, afortunadamente, aínda con moita incerteza, permanece na espera. Algúns dos mestres aos que accedemos, viviron esa espera no seu exilio interior ata a final da ditadura. Dos casos coñecidos, un dos que máis estivo esperando foi Herminio Barreiro Calvete, don Herminio. O 18 de xullo de 1936 sorprendeunos, a el e mais á súa dona, Concepción Rodríguez Gómez, en Dorrón. Comezaba a desconcertante persecución do Maxisterio. Os dous aparecen na relación de 426 mestres e mestras da provincia que, por orde do gobernador civil, quedaban suspensos dos seus cargos o 1 de setembro de 1936. Concepción estivo catro anos expedientada, pero don Herminio, que pasou polo cárcere, tivo que esperar: “Non me deixaron volver a exercer de mestre ata o ano 73”, manifesta nunha entrevista³⁹.

Utilizaron os mestres no seu exilio interior a literatura como forma de expresión? Si, no que se refire á lectura. Dentro dos escasos medios con que contaban, moitos deles eran grandes afeccionados á lectura. De Luís Soto, mestre de Mondariz, diciannos nunha entrevista: “Acompañábase sempre cun libro baixo o brazo. Era un grande amante dos libros. Tiña por costume sentar diante da súa escola ao solpor, deleitándose na lectura”. De Xosé M.^a Cobas Fontenla, mestre de Liñares (Castrelo, Forcarei) “recórdano como un mestre mozo moi amante da lectura e moi integrado coa xente”. Respecto á escritura, a cousa xa era distinta, agás notábeis excepcións, ademais da práctica da comunicación por correo. Nunha entrañábel entrevista, dona Hixinia Tobío Fraiz, mestra xubilada de Caldas de Reis, recitou para nós algunhas poesías inéditas de seu pai, o mestre depurado Manuel Tobío Cernadas, que, procedente de Bandeira, chegaría, xunto coa súa dona ás terras de Caldas, produto dos traslados forzosos. Aquí sentaron raíces. Debemos dicir, no entanto, que queda unha literatura trágica, arrepicante, a dos que estaban “en capela”, esperando o momento tráxico das sentenzas, dispoñendo as últimas vontades. Achámolo tanto na correspondencia como na coidada expresión das derradeiras orientacións para a familia, mensaxes futuras para os fillos pequenos, das que fan depositarias ás súas donas, recados concretos para os irmáns, despedidas para os amigos e, incluso, aos propios animais domésticos. Un non acerta a explicarse como unha persoa é capaz de redactar unhas liñas en semellante situación! Benigno Rey Pavón foi fusilado nun grupo de dez lembrados pontevedreses (tres deles mestres: Benigno Rey, Xermán Adrio Mañá e Paulo Novás Souto) o 12 de novembro de 1936; hoxe unha lápida conmemora os tráxicos feitos na rúa denominada precisamente “Rúa 12 de novembro”. O seu sobriño, Benigno Rey Iglesias, entregounos un sobre con algunhas cuartillas e improvisadas follas de caderno nas que se dirixe en ton de despedida aos seus irmáns e á súa nai. Con trazos firmes, escritas a meirande das misivas a lapis, encarga varias dilixencias, pequenas cousas pendentes. Nunha carta, escrita o 4 de novembro di: “(...) Muero sin poder ayudaros en nada; cuando ya mi vida empezaba a ser holgada y todo hacía suponer que en breve, ya pudiera ser

³⁹ Entrevista. Herminio Barreiro. *ANIMA+I*, 10 (2000), pp. 22-27.

un colaborador y una ayuda. Muero por estar en donde estaría nuestro padre si viviese [falecera dous anos antes], y no hice nada que se pueda censurar. Para mi esta muerte no es más que un motivo de íntima satisfacción”. Máis adiante reitera: “No olvidar para vuestra vida los normas trazadas por nuestro padre”.

Certamente, existe un certo paralelismo nestas despedidas ás que tivemos acceso, unha especie de patrón de corte psicolóxica na redacción. Tamén é verdade que nalgúns casos se alza a voz diante da impotencia: “Las tumbas de los mártires hablan mucho más ante la Historia que lo que ellos pudieran decir! (...) Crueldad espantosa y amor sublime es lo que arroja mi drama”, escribe Víctor Fraiz Villanueva o 15 de agosto de 1937 dende o cárcere de Vigo, un mes antes de ser fusilado.

De entre as variedades de exilio interior constatadas nas entrevistas, chamounos especialmente a atención o exilio do ocio e dos amigos: “(...) o prego de cargos viña a dicir, en resumo, que tiña contactos con persoas do Partido Socialista, contrarias ao Réxime. Por aquelas datas adoitaba tomar café cos amigos, entre eles con Xoaquín, Administrador de Correos, ao que “pasearon” por ser de esquerdas. (...) endexamais saíu a tomar café fóra da casa”⁴⁰. Estamos a falar de Bernardo Álvarez Arias, mestre do Porriño.

Unha das modalidades máis frecuentes de exilio interior dos mestres foi o cárcere. Na provincia de Pontevedra, da totalidade dos que figuran con resolución de “separación no servizo e baixa na escala”, os que non foron fusilados, “paseados” ou non lograron fuxir, moitos souberon do cárcere. E da totalidade dos que pasaron pola depuración, algúns deles sufriron tamén pena de presidio.

Outra variedade de exilio interior foi a de esconderse. Algún dos coñecidos permaneceron máis ou menos tempo nunha cova, como foi o caso dos primeiros días de Luís Soto, mestre de Mondariz, escondido nun canaval (tal como nos dixeron nunha entrevista), no fondo do lugar en que vivía, onde lle levaban comida dunha taberna próxima. Permaneceu, incluso, algún día na casa do cura ou protexido polo outro mestre e a súa dona, Antonio Pérez e Julia Labaca. No seu relato biográfico, *Castelao, a U.P.G. e outras memorias* (1983), hai referencias, aínda que non moi precisas, sobre a estadia en Mondariz naquel agosto de 1936, agardando a morte, protexido pola irmá do crego. Segundo nos lembra, achábase agochado nun palleiro, cando lle trouxeron á cova o xornal *El Pueblo Gallego*, no que se anunciaba o trámite macabro do seu consello de guerra: “Don Luis de Vicente Saisaín, comandante de caballería, juez militar de la plaza de Vigo, cito y emplazo al cabecilla comunista Luis Soto Fernández para que se presente en la sala de procuradores nº 2 de esta plaza a responder por los delitos que se le siguen de rebelión militar y alta traición, significándole que de no presentarse en el plazo de veinticuatro horas será juzgado en rebeldía”.

A estancia prolongada nestes cubís, estreitos, lixosos e lóbregos, era moi difícil de levar. Nunha entrevista aos familiares, na que recollemos datos dun mestre que estivera nunha cova, pedíronnos, cando se lle presentou o borrador do informe, que retirásemos o

⁴⁰ Anxo Serafín Porto Ucha, «Bernardo Álvarez Arias», *Historias de vida*, Ponteareas, Alén Miño, 2003, pp. 101-112.

da “cova”; dixéronnos que o substituísemos por outra palabra: á súa nai facíalle –xa pasados sesenta e cinco anos– dano psicolóxico⁴¹.

Ao mesmo tempo, o feito de estar escondidos, impedíalles aos profesionais do ensino contestar aos cargos que se lles imputaban. Lembremos que, de acordo coa normativa pola que se rexían as Comisións Depuradoras do Maxisterio, cada mestre ou mestra tiña que remitir unha instancia e achegar unha serie de datos, incorporar tamén os nomes das persoas que puidesen servir de aval. Todo en moi poucos días. Isto fíxolle imposíbel, a moitos deles, contestar a tempo, o que lle trouxo, co tempo, repercusións moi negativas, impedíndolle ou retrasándolle o reingreso no corpo, estando sen escola moitos máis anos.

O traslado convertíase en moitos casos en auténtico desterro: “Por galeguista –“separatista”, consta no expediente argallado polos separadores– fun trasladado no ano 1936 dende a miña marabillosa escola de Coia (Vigo), gañada a pulso, a un triste pobo de Zamora, tan adobado que todo eran adobes”, recolle Alfonso Álvarez Cáccamo (1994), a propósito do seu pai Xosé M.^º Álvarez Blázquez⁴², mestre depurado do Plan profesional, da primeira promoción mixta da Escola Normal do Maxisterio Primario de Pontevedra, que, excedente voluntario en 1942, non volvería reingresar no Maxisterio.

Fronte á válvula de escape dos escritores, os mestres non practicaron tanto, diante da situación, a literatura. Ou si. Dáse, especialmente, na práctica epistolar. O que sucede é que en moitas ocasións as reflexións permanecen inéditas, gardadas e custodiadas polas familias.

Máis que medo, houbo moito desengano e decepción. Fronte á ilusión da época republicana, houbo que apandar con moitas cousas. Foise configurando unha estratexia xerárquica e militarista, coa exaltación patriótica, que afectou a distintas ordes da vida e mesmo á simboloxía, tanto no aspecto relixioso como político. Fronte aos valores impulsados anteriormente (laicismo, democracia, liberdade...) houbo que adoutrinar noutros aspectos que afectaron á escola (disciplina, orde, lecturas patrióticas...). Iso explica o exilio interior no sentido de refuxio, no silencio e no anonimato. Constatámolo en mestres senlleiros, activos, que pasaron a ser practicamente esquecidos.

Outra das formas de exilio interior que viviron os mestres foi un certo sentimento de culpabilidade, fomentado polos demais. Outra cuestión foi a preparación científico-cultural, que afectou ao que poderíamos denominar exilio interior da cultura. Relacionado con isto estivo o feito de que os mestres, que recibiran unha formación axeitada durante a Segunda República especialmente os do Plano profesional, tiveron que convivir cos formados, de xeito “acelerado” polos novos plans de estudo (Plano provisional de 1940, Plano de Cultura Xeral de 1942), ou mesmo os seguintes (Plano de 1945 e Plano de 1950). Á parte, as

⁴¹ Anxo Serafín Porto Ucha, «Xosé María Cobas Fontenla», *Historias de vida*, op. cit., pp. 135-139.

⁴² O pai de Xosé M.^º Álvarez Blázquez, o médico Darío Álvarez Limeses, foi fusilado en Tui no principio da guerra. A el trasladárono a Coreses (Zamora), e solicitou a excedencia voluntaria en 1942. Foi secretario da confraría de pescadores San Francisco de Vigo, e fundou as editoriais Monterrey e Castrelos. Tamén se dedicou a escribir e retornou á docencia en 1968, no Instituto Politécnico Marítimo Pesquero de Vigo, aos 53 anos.

Escolas de Maxisterio da Igrexa, que foron aparecendo en Galicia a partir de 1945, entre elas a “María Sedes Sapientiae” (Vigo) e a “Luís Vives”, dos Maristas de Tui, na provincia de Pontevedra.

Podíamos falar tamén dunha especie de exilio/non exilio. A pesar de vivir nunha situación pechada, hai casos de mestres que non teñen a sensación de vivir illados dos acontecementos posteriores á guerra civil. Non se senten exiliados; había, si, dificultades, pero afrontáronas. Manolo Argibay, que estivo de mestre en Prelo, no concello de Boal (Asturias) comentábanos que nunha ocasión el e mais o mestre de Doiras (que fixera a guerra no Estado Maior republicano, aínda que o novo réxime non se decatara) estaban xuntos nun bar tomando un vermú, e Argibay non se acovardou diante do xefe do posto da garda civil, que lle recriminaba a lectura de algo nunha revista relacionado con Unamuno, se ben o seu compañeiro palideceu, pensando, seguramente que ían descubri-lo (aínda conservaba un altímetro do seu paso polo exército republicano). Argibay replicoulle ao garda civil que, se era xefe do posto, el tamén era mestre nacional, e Unamuno fora unha figura española importante na literatura e na universidade.

Outra forma de exilio foi a desinformación. Sorprendeunos moitísimo nalgunhas entrevistas: a xente sabía dabondo da situación en Europa durante a Segunda Guerra Mundial, dos grandes líderes; en cambio, practicamente non sabía nada do que lle sucedera ao veciño. A mosábanse sorprendidos.

Queremos referirnos finalmente ao exilio interior como resistencia. Houbo significados docentes que ofreceron resistencia. Reuníanse co pretexto de falar doutras cousas. Publicaron no xornal *La Noche* de Santiago, nos comezos impulsaron Galaxia como experiencia cultural en Vigo etc. Destacados galeguistas como o inspector pontevedrés Rogelio Pérez González, Luís Viñas Cortegoso (tamén inspector), Paco Fernández del Riego, Xosé M.^o Álvarez Blázquez, Xaime Isla Couto... tiveron moito que ver nesta especie de exilio interior. Quizais non foron tantos os mestres que participaron neste fenómeno, pero non estamos tan seguros. É un fenómeno aínda por estudar. Ao que fora mestre de Budiño (O Porriño), o pontevedrés Luís Carragal Peón, fortemente sancionado pola laudábel experiencia da CREANN, a colaboración co Sindicato de Produtores de Semillas⁴³ e a Misión Biolóxica de Galicia, con Cruz Gallástegui⁴⁴, achámolo máis tarde, nos anos difíciles do Franquismo, silandeiro, cunha experiencia similar en Simes (Meaño).

Esta variedade de exilio como resistencia foi o caso de don Herminio Barreiro Calvete. Estivo ocupado en diferentes traballos, porén a súa ilusión era volver á escola. Sempre se considerou mestre. Chamounos particularmente a atención o que escribía no periódico socialista *La Hora* de Pontevedra, que os inimigos incluían como denuncia,

⁴³ Véxase Amando Ordás, «O Sindicato de Produtores de Sementes», *Grial. Revista Galega de Cultura*, 175 (xullo-setembro, 2007), pp. 52-59.

⁴⁴ Véxase Anxo Serafín Porto Ucha, “Los ‘laboratorios en provincias’ de la JAE: La Misión Biológica de Galicia”, en AA.VV., *Relaciones Internacionales en la Historia de la Educación. Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (1907-2007)*, Cáceres, Sociedad Española de Historia de la Educación y Departamento de Ciencias de la Educación de la Universidad de Extremadura, 2007, pp. 437-447.

conservado hoxe en Ferrol, no seu amplo expediente do Arquivo da Zona Marítima do Cantábrico. Titulábase “La alegría de vivir”. A esta colaboración, da que entresacamos varios fragmentos, referíase o benquerido e lembrado profesor Herminio Barreiro, fillo, en “Historias mínimas. Magisterios con huella”, da *Revista de Pedagogía* (n.º 377, marzo 2008, pp. 3-9). Comeza así:

Más de una vez ha pasado por mi imaginación el pensar si todos, sin excepción de clases, sentiremos la misma alegría de vivir. La cuestión, excesivamente compleja tiene sus pros y sus contras (...) ¡Cuántas veces he presenciado esa exploración que los niños proletarios hacen en un momento de lucidez reflexiva de sus compañeros muchas veces burgueses! Su mirada se fija ya en sus juguetes, ya en su indumentaria, en su calzado, en fin, en infinitud de cosas para ellos vedadas (...)

O recordo permanente. Poderíamos contar multitude de anécdotas. Un domingo de abril, espertábanos dona Clementina Villar Martínez, moi coñecida no Museo Pedagógico de Galicia pola homenaxe realizada, unha “xove” mestra de 95 anos (†): “Serafín, ¡Viva la República!” (foi o berro que pronunciou o seu irmán Nicanor, mestre de Mazaricos, asasinado en Caldas de Reis o mesmo día do fusilamento de Alexandre Bóveda, o 17 de agosto de 1936). Cada vez que recordaba algo novo (unha data, un feito) chamábanos, ilusionada, para compartir o achado.

O noso recordo e homenaxe na memoria de todas e todos eles.

Fontes documentais e bibliografía

a) Documentación

Archivo Central del Ministerio de Educación (ACME). Alcalá de Henares.

Archivo Intermedio de la Región Militar del Noroeste. Archivo. Cuartel “Baluarte” Ferrol.

Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra (ADPP).

Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS). Atados 176 e 177.

Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra (BOPP) (1938-1942).

Boletín Oficial del Estado (BOE).

Constituciones Españolas. Madrid, Edición conxunta do Congreso dos Deputados e Boletín Oficial do Estado, 2001.

Escuela Vivida. Museo de Pontevedra.

Patronato de Misiones Pedagógicas (1934): *Septiembre de 1931, Diciembre de 1933*. Madrid, S. Aguirre.

Patronato de Misiones Pedagógicas (1935): *Memoria de la Misión Pedagógico-social en Sanabria (Zamora) en el año 1934*. Madrid, S. Aguirre.

Zona Marítima del Cantábrico. Asesoría Jurídica, Ferrol.

Bibliografía

- Alonso, X. L. (2008): Datos para unha biografía, *Revista de Estudos Miñoráns*. Accesíbel en http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/IF_2016_Datos_para_unha_biografia.pdf
- Alonso Montero, X. (2009): *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)*. Vigo: Xerais.
- Álvarez, R., Comas, J. e de Vega, J. (1934): *Manual del Inspector de Primera Enseñanza*. Madrid: Publicaciones de la Revista de Pedagogía.
- Álvarez Castro, X. (2013): *Pontevedra nos anos do medo. Golpe militar e represión (1936-1939)*. Vigo: Xerais.
- Álvarez Limeses, G. (1980): «Provincia de Pontevedra». En Carreras e Candi, F.: *Geografía General del Reino de Galicia*, vols. XII e XIII. A Coruña: Ed. de Galicia (edición facsímile do texto publicado en 1936, t. 2º).
- Barreiro Rodríguez, H. (2008): Historias mínimas. Magisterios con huella. *Revista de Pedagogía*, 377 (marzo 2008), pp. 3-9.
- Beiras, X. M.: «Limiar». En Porto Ucha, A. S.: *Mestras e mestres pontevedreses depurados polo franquismo. Primeiras accións represivas e estudo por concellos no sur da provincia de Pontevedra (1936-1942)*. Ponteareas: Alén Miño, pp. 9-11.
- Entrevista. Herminio Barreiro. *ANIMA+I*, 10 (2000), pp. 22-27.
- Fortes Bouzán, X. (1997): *O instituto de Pontevedra, século e medio de Historia (1845-1995)*. Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, Servizo de Publicacións.
- Gabriel Fernández, N. de (1999): *Agricultura e Escola. Contra la rutina y el éxodo rural*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago.
- Jorganes, J. (coord.) (2008): *La escuela de la Segunda República*. Sevilla: Fundación Cajazol.
- Malheiro Gutiérrez, X. M. (2006): *As escolas dos emigrantes e o pensamento pedagógico: Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos*. Sada (A Coruña): Edición do Castro.
- Marín García de Robles, J. P. e Moreno Egido, A. (s/a): Los expedientes de revisión de depuración del Magisterio español en el Archivo Central de Educación (ACME). Ministerio de Educación, Cultura y Deporte: Archivo Central de la Secretaría de Estado de Educación.
- Medio, Dolores (1993): *Diario de una maestra*. Madrid: Editorial Castalia-Instituto de la Mujer.
- Morente Valero, F. (1997): *La Escuela y el Estado Nuevo. La depuración del Magisterio Nacional (1936-1943)*. Valladolid: Ámbito.

- Navarro Sandalinas, R. (1990): *La enseñanza primaria durante el franquismo (1936-1975)*. Barcelona: PPU.
- Otero Urtaza, E. (1982): *Las Misiones Pedagógicas: una experiencia de educación popular*. Sada – A Coruña: Ediciós do Castro.
- Porto Ucha, A. S. (1986): *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro.
- Porto Ucha, A. S. (1994): *A Escola Normal de Pontevedra (1845-1940)*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago.
- Porto Ucha, A. S. (2003): *Historias de vida. O maxisterio pontevedrés na Segunda República, Guerra Civil e comezos do Franquismo*. Ponteareas: Alén Miño.
- Porto Ucha, A. S. (2005): De rexeitados a esquecidos. O exilio interior dos mestres e mestras galegos depurados polo franquismo. *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 9, pp. 15-36.
- Porto Ucha, A. S. (2006): “As fontes orais e os fondos privados para o estudo histórico dos materiais escolares. Análise teórica e traballo de campo sobre a depuración do magisterio”. En Suárez Pazos, Mercedes, Cid Fernández, Xosé Manuel e Benso Calvo, Carmen: *Memoria da Escola. Cultura material e testemuños da nosa historia educativa contemporánea*. Vigo: Xerais, pp. 217-261.
- Porto Ucha, Anxo Serafín (2008): *Mestras e mestres pontevedreses depurados polo franquismo. Primeiras accións represivas e estudo por concellos no sur da provincia de Pontevedra (1936-1942)*. Ponteareas: Alén Miño.
- Porto Ucha, A. S. (2011): Condicionamentos de la práctica escolar en las reformas políticas de la escuela republicana. El nomenclátor de las escuelas nacionales de la provincia de Pontevedra (1934). En Celada Perandones, Pablo (ed.): *Arte y Oficio de enseñar. Dos siglos de perspectiva histórica*. XVI Coloquio Nacional de Historia de la Educación. Universidad de Valladolid/CEINCE, t. I, pp. 239-248.
- Porto Ucha, A. S. e Iglesias Salvado, J. L. (2006). Dous modelos educativos, dúas escolas enfrentadas: a escola republicana e a escola nacional-católica. *Sarmiento. Anuario Galego de Historia de la Educación*, 10, pp. 113-146.
- Porto Ucha, A. S. e Vázquez Ramil, R. (2013). La prensa pedagógica en Galicia durante la II República: *Escuela Viva*, órgano de la asociación Casa del Maestro de Pontevedra (1935-1936). En Hernández Díaz, J. M.(ed.): *Prensa Pedagógica y Patrimonio Histórico Educativo*. Salamanca: Ediciones Universidad, pp. 301-309.
- Porto Ucha, A. S. e Vázquez Ramil, R. (2016): Los paseos, visitas y excursiones como elementos de espacio lúdico. Una propuesta de vitalización escolar en el contexto de la escuela republicana. En Dávila, P. e Naya, L. M. (Coords.): *Espacios y Patrimonio Histórico-Educativo*. VII Jornadas Científicas de la SEPHE y V Simposio Iberoame-

ricano: Historia, Educación y Patrimonio Educativa. Donostia-San Sebastián: Erein Argitaletxea, pp. 629-644.

Porto Ucha, A. S. e Vázquez Ramil, R. (2017): *La escuela activa y el entorno. Una aproximación a través de los paseos, visitas y excursiones durante la Segunda República*. Santiago de Compostela: Andavira.

Puga Pereira, M. (1992). *Ernestina Otero Sestelo, Pedagoga*. Sada-A Coruña: Edición do Castro.

Rodríguez González, J. (2010): La «Purificación» de la Educación Nacional: La represión del Magisterio en León. En Berzal de la Rosa, E. e Rodríguez González, J. (coords.): *Muerte y Represión en el Magisterio de Castilla y León*. León: Fundación 27 de marzo, pp. 121-200.

Vázquez Ramil, R. (2012): *La Institución Libre de Enseñanza y la educación de la mujer en España. La Residencia de Señoritas de Madrid (1915-1936)*. Madrid: Akal.

Fontes hemerográficas:

Maestros a Italia, *El Pueblo Gallego* (Pontevedra), 01/01/1938, p. 6.

Depuración del Magisterio, *El Noticiero Gallego* (Pontevedra), 04/06/1940, p. 2.

Nombramientos, *El Noticiero Gallego* (Pontevedra), 25/08/1940, p. 3.

Traslados, *El Noticiero Gallego* (Pontevedra), 18/12/1940, p. 2.

Sprinter, Un grupo escolar llevará el nombre de D. José Ron Cabarcos, *La Noche* (Pontevedra), 29/09/1967, p. 6.

Listaxe de abreviaturas:

ACME: Archivo Central del Ministerio de Educación.

ADPP: Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra.

AGA: Archivo General de la Administración.

AHUS: Arquivo Histórico Universitario de Santiago.

BOE: *Boletín Oficial del Estado*.

BOPP: *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*.

ILE: Institución Libre de Enseñanza

JAЕ: Junta para Ampliación de Estudios

Abreviaturas empregadas para a depuración:

E: Separación do servizo e baixa na escala

C: Confirmación no cargo

(C): Confirmación no cargo sen dereito ao cobramento dos haberes non percibidos

i: Inhabilitación para o desempeño de cargos directivos

S: Suspensión temporal de emprego e soldo

(): polo tempo que estivo suspendido

I: Inhabilitación para o desempeño de escolas

TR: Traslado fóra da rexión

T: Traslado fóra da provincia

t: Traslado dentro da provincia